




O plano de financiamento do Goberno instala á Galiza nunha segunda categoría autonómica

O sistema autonómico a punto de estalar

O Goberno central recoñece que o financiamento en base á cesión do 15% do IRPF podía facer empiorar a algunhas Comunidades Autónomas ao instaurar dúas caixas de reparto. Así, as máis ricas terían cada vez máis autonomía financeira, mentres que as máis pobres dependerían cada vez máis do Estado.

Galiza estaría entre as segundas. Pero esta cesión só é un parche no momento de afrontar un financiamento autonómico que pode levar a curto prazo ao esfarelamento do Estado das Autonomías de non encarar decididamente este problema.



ANXO IGLESIAS

Frustrada a manobra da Xunta para impor o castellano no Congreso do Pen Clube

O presidente da Xunta deu a benvinda en español a cento setenta e cinco escritores de todo o mundo que asisten ao congreso do *Pen Clube* en Compostela, antes de ler un discurso contemporizador e ecoloxista escrito en galego. O francés Alexandre Blockh, secretario desta internacional da escrita, que ten como obxectivo principal a defensa das linguas minorizadas, anunciou na cerimonia de abertura que en atención ao estendido dominio que do castellano tiñan tanto o público como os delegados, esta sería a cuarta lingua. ♦ (Páx. 17)

Mohamed Saffa:

'A Israel non lle podemos gañar militarmente, pero si politicamente'

A *Intifada*, guerra sen pouso contra a ocupación, abriu a porta das conversas de paz entre palestinos e israelíes. Os acordos non colman as esperanzas dos palestinos pero inician o camiño da recuperación da patria roubada. Mohamed Saffa, médico palestino representante da OLP na Galiza, entende que chegou é o momento de revisar mútuos prexuízos entre palestinos e xudeus. ♦ (Páx. 14-15)

FOLLAS NOVAS

Rosalía de Castro

Edición de Henrique Monteagudo e Dolores Vilavedra

A primeira edición crítica dun texto fundacional da literatura galega moderna.



galaxia

O BNG propón 15 medidas básicas de goberno

Os partidos xa deron a coñecer as respectivas candidaturas e tamén teñen perfilados os programas. A campaña electoral aprésentase dura, sobre todo se temos en conta as descalificacións efectuadas por Fraga no acto da súa proclamación, tendo en conta que a maioría dos candidatos aínda parecen reservarse e non comparecen sequer nas roldas de prensa. O PP xa aprésentou o seu "Manifesto programático", continuista en rela-

O PSOE deixa fora a 10 dos seus 28 deputados

Aznar quer facer a súa campaña na Galiza

Nogueira e Guerreiro compartirán cartel electoral

ción á lexislatura recentemente rematada e o BNG propón 15 puntos básicos de goberno xa que esta forza se considera unha alternativa de poder. O PSOE incorpora a numerosos independentes co ánimo de esmaltar o apagado brillo galeguista do partido, para iso Sánchez Presedo elaborou unhas listas que, por primeira vez, non están hipotecadas polas baronías. UG-EG aprésentase a estes comicios sen enemigos ♦ (Páxs. 7-8-9)

A corresponsabilidade fiscal é só unha palabra. O sistema de financiamento que propón o Goberno central, instaurará outra división dentro das autonomías. Galiza non só perderá autonomía financeira a respecto das comunidades históricas senón que deixaría de perceber, nestes tres anos, 37 mil millóns de pesetas de instaurarse este sistema que non é cousa de Pujol, senón que está pactado desde hai tres anos entre PSOE e PP.



Galiza perdería con este sistema 37 mil millóns de pesetas nestes tres anos

A cesión do IRPF deixa á Galiza entre as autonomías de segunda orde

ALFONSO EIRÉ - HORÁCIO VIXANDE

Hai dous que Carlos Mella anunciaba na presentación dun seu libro que o sistema autonómico ia estalar por causa do método de financiamento non resolto. O tempo semella vir darlle a razón ao ex conselleiro e a diatriba sobre a cesión do 15% do IRPF volta a remexer os cimentos mesmos do *Estado das Autonomías*, como ben puxeron de manifesto algúns presidentes autonómicos, entre eles o extremeño Rodríguez Ibarra que, desde un primeiro momento, afirmou que o máis importante non era perder ou gañar uns centos de millóns co financiamento senón que o que estaba en discusión era a virtualidade do Estado tal e como el a concebía.

Os economistas máis lúcidos consideran que a proposta de cesión do 15% do IRPF a aquelas comunidades que tivesen competencias suficientes, polo que seis quedarían excluídas temporalmente, é "unha saída cara adiante para non arranxar, dunha vez, o método de financiamento, pois non hai ganas de enfrentar as finanzas autonómicas". O que semella evidente para calquer observador é que a Lei de Financiación Autonómica, a famosa LOFCA, non funciona porque nen sequer é aplicada.

Falar de *federalización do Estado*, como algúns detractores de última hora da cesión do 15%

do IRPF o denominan, ou de *corresponsabilidade fiscal*, os apoloxetas da demanda de Jordi Pujol, é querer situar o problema ou a solución nunha estadia que non é, por suposto, a súa. O mesmo Rodríguez Ibarra, despois de ser *convencido* por Felipe González da bondade da medida, aínda así, recoñecía que a cesión do 15% do Imposto da Renda das Persoas Físicas, nada ten a ver coa corresponsabilidade fiscal. "É o Estado quen recada e quen cede ese diñeiro", afirmou o presidente socialista extremeño. Tamén podería engadir que é o Estado central quen fai a lei de financiamento e quen fixa os baremos de distribución. Cal é o papel logo das Comunidades Autóno-

mas? A integración das CCAA na Axencia Tributaria encargada de perseguir o fraude, que sería a única función das autonomías, non chega para falar de corresponsabilidade.

A verdadeira corresponsabilidade fiscal é pór e recadar trabucos. Esta é a que existe nos estados de estrutura federal. Un

economista explica así: "se necesitas X millóns para cubrir os teus servizos debes de cobrar impostos por ese montante, e se non chega, o Estado terá que compensar unha parte". No chamado *Estado das Autonomías* o único que poden facer os gobernos autonómicos é recargar algun imposto. A Comunidade de Madrid tentou incrementar o

IRPF nun 3%, pero tivo que dar marcha atrás polo rechazo popular suscitado. Estes recargos foron outras das luminosas ideas que se lle ocorrian a Solchaga para parchear o financiamento autonómico.

Máis diñeiro propio, máis autonomía

A cesión do IRPF vai instituir varias clases de autonomías dentro do propio Estado, sen que teña nada a ver o contemplado na Constitución: Comunidades históricas e de acceso polo artigo 151 e 143. Hai un axioma que parece indiscutíbel: "Sendo diferente o crecemento da renda en cada comunidade autónoma ta-

(Pasa á páxina seguinte)

O que semella evidente para calquer observador é que a Lei de Financiación Autonómica, a famosa LOFCA, non funciona porque nen sequer é aplicada.

Fondos estruturais 1992 - 1996

	Billóns pta.	
	Total España	Financiamento que corresponde á Galiza
Axudas a CC.AA. menos desenvolvidas	3,784	0,458 (12,1%)
Axudas a CC.AA. en declive industrial	1,251	0,0093 (7,4%)
Fondo de Coesión	1,250	0,092 (7,4%)
	6,285	0,643

Galiza debe recibir no período 1992-1996 como mínimo 643.000 millóns de pta. dos Fondos Estruturais, incluído o Fondo de Coesión.
Fonte: U.G.



A. IGLESÍAS

As claves do financiamento autonómico

Os ingresos actuais das autonomías proceden case integramente dunha caixa única: a recadación no Estado, parte da cal redistribúese despois entre as distintas comunidades. En 1993, a participación das comunidades nos ingresos do Estado fixouse nun 9,4%. A porcentaxe de cada comunidade establécese de acordo coa súa superficie, habitantes, pobreza relativa, dispersión da poboación, insularidade e outras variábeis.

Estes fondos que o Estado lle cede ás Comunidades Autónomas son de libre disposición, quer dicir, poden gastarse nos fins que se desexen. As comunidades tamén reciben outras cantidades da Administración central en función das competencias traspasadas e, neste caso, estas cantidades teñen un destino marcado. Do total transferido debe cobrirose o custo das competencias asumidas. O transpaso do INSALUD á Galiza supuxo unha das piores operacións realizadas pola nosa comunidade, até o punto de ter que cesar o Conselleiro responsábel.

Ademais, hai cinco tributos: transmisións patrimoniais, sucesións, patrimonio, taxas sobre xogo e actos xurídicos do-

cumentados, que están traspasados a todas as comunidades, aínda que non todas teñen cedidos os cinco. Estes tributos representan un mínimo do 5% e un máximo do 10%.

A nova proposta

A novidade básica que aporta a cesión do 15% do IRPF é que substitúe unha parte dos ingresos procedentes da Administración central por unha porcentaxe do recadado no territorio en cuestión polo IRPF, inicialmente entre 1994 e 1996. O obtido polo IRPF restarase da participación nos ingresos do Estado.

A cesión do IRPF pretende, segundo o goberno central, premiar o esforzo fiscal que fai cada comunidade autónoma, ligando unha parte dos seus ingresos á súa propia riqueza. Pero a diferenza dos tributos cedidos, as comunidades non recadarán o IRPF, recibirano do Estado. Aínda non hai decisión tomada no caso de que o IRPF alguén, como Catalunya por exemplo, pase a ingresar máis do previsto. A dúbida pendente reside en como se calculará a presión recadatória e cales son os baremos que a fixarán. ♦



A verdadeira corresponsabilidade fiscal é pór e recadar trabucos. Esta é a que existe nos estados de estrutura federal.

con aquelas comunidades que "reciben de máis".

Carlos Mella preguntábase por que se escolle un imposto progresivo como é o do IRPF, cuxa misión é, precisamente, redistribuír a riqueza, para corrixir o financiamento autonómico. Mella considera que, postos a ceder financiamento, "sería mellor cedelo todo e manter o fondo de compensación". Pergúntase o ex conselleiro de Economía, por que se escolle un "mecanismo que desequilibra o financiamento para logo pór en marcha outros mecanismos novos para reequilibralo".

Os efectos na Galiza

Na Galiza levantáronse voces en contra da cesión do 15% do IRPF ás Comunidades Autónomas. O BNG, aínda que considera que "toda cesión de competencias debe de ser avaliada positivamente pois aumenta a capacidade autonómica", cre tamén que a cesión do IRPF, tal e como se recolle no documento do Goberno central, "perpetúa a discriminación que sofre a Galiza" se non vai acompañada doutros mecanismos. O BNG pede ademais de que se teña en conta a función compensatoria e redistributiva con criterios novos como o déficit existente en equipamentos e servizos mínimos, o nivel relativo de renda por habitante e o acusado grao de ruralismo de dispersión do hábitat galego, a cesión efectiva da fase minorista do IVA. Tamén demanda o investimento dentro do país dos depósitos que os intermediarios financeiros, banca e caixas de aforros, posúen na Galiza, así como as ganancias que xeran as empresas estatais instaladas na Galiza.

Por outra banda o BNG contempla no seu programa de goberno que sexa a Comunidade Autónoma galega quen realice os seus orzamentos e que logo se-

(Pasa á páxina seguinte)

(Ven da páxina anterior)

mén será diferente a porcentaxe". Así, as autonomías cun nivel de renda máis alto iran separando, cada vez máis, daquelas que teñen uns niveis de renda máis baixos. "Crecimentos diferentes, sobre bases impositivos diferentes, con evolucións diferentes", en palabras dun teórico.

O Goberno ten previsto facer liquidacións mensuais co IRPF as comunidades autónomas, o que lles daría maior marxe ás tesourarías das autonomías que, hoxe, moitas veces, teñen que agardar as transferencias do Estado para realizaren investimentos. As comunidades ricas terían, polo tanto, maior liquidez, polo que poderían investir e pagar ao momento, sen recorrer a que o Estado transfira o diñeiro ou aos créditos que tanto minguen os investimentos produtivos. As comunidades hoxe con máis renda farían que esta aumentase, o que agravaría as desigualdades.

Evolución dos Ingresos por imposto cedidos

Ano	Millóns de pta.	
	Galiza	Catalunya
1986	16.441	52.746
1987	16.031	68.093
1988	22.772	109.051
1989	27.521	142.676

Incrementos no período

Galiza: 11.080 millóns pta.
Catalunya: 89.930 millóns pta.

Fonte: U.G.

Se os orzamentos son os que verdadeiramente lle confiren autonomía de acción a un Goberno, teríamos que unhas comunidades cada vez gozarían de máis autonomía, mentres que outras dependerían cada vez máis do Estado e das compensacións que este lle ceda. A cesión abre dúas caixas de reparto: a de presuposto do Estado e a da recadación do IRPF. O propio Ministerio de Economía e

Facenda reconece que a evolución das distintas comunidades vai ser diferente. No documento explícase deste xeito: "Pode redundar (o cambio de sistema) nunha perda de recursos para as comunidades cuxa participación territorializada no IRPF resulte menor á minorización experimentada pola participación nos ingresos do Estado".

Para evitar que alguén empore

A cesión do IRPF vai instituír varias clases de autonomías dentro do propio estado.

co novo sistema, Facenda propón compensacións para impedir que nengunha comunidade reciba menos do "que lle tería correspondido pola súa participación (...) co sistema agora vivente. Pero este mecanismo corrector non é capaz de variar o efecto da liquidez das comunidades ricas e do seu progresivo enriquecemento, fronte á pauperización doutras. No documento nen sequer se fixa o que pasará

As consecuencias eleitorais

O engarabitado debate sobre a cesión do IRPF non só agacha o problema do financiamento autonómico nunca resolto, senón que acocha, detrás do fumeiro do anticatalanismo, o mesmo cerne dun estado autonómico que segue en proceso constante de reformulación por incapacidade real de materializarse como tal, pola súa inestabilidade intrínseca.

De non ser así, unha mera contabilidade presupostaria, como sería a cesión de parte do recadado nun trabuco ás comunidades autónomas por parte do Estado central, non podería levantar semellante controversia. Sobre todo se temos en conta que desde hai tres anos as forzas políticas maioritarias estatais xa están de acordo nesta cesión tributaria. Só algúns políticos, moi poucos, precisamente socialistas como o presidente extremeño Rodríguez Ibarra, se atreven a dicir publicamente que o que verdadeiramente está en xogo é o sistema autonómico.

Desde a dereita e desde as congostras socialistas na

vez de encarar a verdadeira causa do desasosiego e crispación, a configuración do Estado, arremeten contra os cataláns, e non tanto porque poderían saír beneficiados desta reforma do financiamento. A verdadeira causa está na consciencia de que os últimos resultados eleitorais, que lle deron aos nacionalistas cataláns e bascos non só un peso relativo importante, senón decisivo no conxunto do Estado, vai ser aproveitada para pór en cuestión a formulación actual do propio Estado. Esta posición, consecuente cos seus presupostos políticos, non é novidade pois xa se anunciaba antes dos comicios que moi ben podería comezar unha lexislatura, en certo xeito, constituente.

Por se fose pouco, cada vez que desde Madrid pretenden pór en marcha conceptos que veñen añañando sen contido real como *corresponsabilidade fiscal, solidariedade comunitaria ou racionalidade administrativa*, atópanse con que non é válida a fórmula autonómica e van dar de cabeza ao que para eles é o mouro pozo sen fondo do Estado federal.

Pouco importa que estados tan pouco sospeitosos como Alemaña ou os propios EE.UU adotasen esta fórmula. Para o centralismo, *federal*, é igual a desintegración. Así, mesmo son incapaces de aplicar a propia Constitución.

Estas, e non outras, son as verdadeiras causas que crisparon e levaron o debate até límites insospeitados. Periodicamente veuse reformulando o *Estado das Autonomías*, segundo a forza e a presión dos distintos nacionalismos, pois, precisamente, foron os nacionalismos periféricos quen o fixeron agromar para pecharlle o paso, como agora recoñecen abertamente todos os deputados *constituíntes*. O golpe do 23-F e a LOAPA significaron un parón nese desenvolvemento autonómico. Mesmo, hai dous anos, PSOE e PP chegaron ao chamado *Pacto Autonómico*. En todos eses intreos de recorte ou parón no desenvolvemento, foron unicamente os nacionalistas quen protestaron ante o centralismo. Agora as circunstancias políticas mudaron. ♦

A NOSA TERRA

(Ven da páxina anterior)
xan exercitados como orzamentos do Estado, tal e como recollen o Estatuto de Autonomía e o artigo 131 da Constitución.

Unidade Galega tamén defende que, con anterioridade á cesión dunha porcentaxe do IRPF, é preciso nivelar os servizos mínimos, como se contempla no artigo 15 da lei Orgánica de Financiamento das Comunidades autónomas (LOFCA). Ademais UG demanda a "revisión do financiamento da sanidade, correspondéndolle á Galiza uns ingresos equivalentes á media estatal". Conxuntamente á revisión do Fondo de Compensación Interterritorial, UG considera que tamén se deben revisar os impostos cedidos para "equilibrar os ingresos". UG entende que "de cumprírense estas condicións Galiza conseguiría un financiamento suplementario mínimo de 100.000 millóns de pesetas anuais".

Outras fontes cifran en 37 mil millóns de pesetas as perdas que tería Galiza de 1992 a 1995 de estar instaurado este novo sistema financeiro que propón o Goberno. Nun estudo realizado pola Junta de Extremadura, demostrouse que Galiza sería unha das tres CCAA onde menos tería medrado a financiación procedente do IRPF se esta se tivese producido en 1984. Galiza aumentaría a súa cuota en 15 mil millóns, mentres que Catalunya faríao en máis de 84 mil millóns de pesetas.

Pola contra, PSOE e PP móstranse a favor da cesión desta porcentaxe do trabuco da renda. O Secretario Xeral do PSOE na Galiza, Sánchez Presedo, que mantivo silencio até que Luns, e entrevistou en Madrid co ministro Solbes, móstrase partidario da cesión do IRPF, argumentando que Galiza "podería beneficiarse con esta cesión", afirmando que incluso podería "aumentar os seus recursos". Esta postura foi

Millóns pta. (situación actual)	
Cuota Líquida IRPF	15% IRPF
Galiza	167.13025.070
Catalunya	765.142114.771

Se a evolución do redamento polo IRPF mantén unha tendencia semellante á dos impostos cedidos en 1986, a cesión do 15% do IRPF suporía unha perda relativa para a Galiza que podería en poucos anos atinxir cifras enormemente elevadas.
Fonte: U.G.

duramente criticada por fontes próximas ao PSOE, así como por ex parlamentarios socialistas que non só consideran a postura de Presedo maximalista ao dicir que Galiza sairá beneficiada, cando o mesmo documento de Facenda recolle que haberá comunidades perjudicadas, senón que cren que "unha vez máis deu a imaxe de submisión total a Madrid, postura tanto máis grave en pre-campaña electoral".


Fraga Iribarne, o candidato do PP, tamén se mostrou "en principio", a favor desta cesión, "sempre e cando funcionen os mecanismos compensatorios". O Partido Popular en Madrid fixou o Martes a súa posición despois de ouvir as distintas comunidades, mostrándose a favor da cesión pero sempre e cando se cumpran dúas condicións: a nivelación de servizos básicos e o financiamento da débeda

O BNG contempla no seu programa de goberno que sexa a Comunidade Autónoma galega quen realice os seus orzamentos e que logo sexan exercitados como orzamentos do Estado.

por prestacións sanitarias.

Pola súa banda, Conselleiro Xosé Antonio Orza, despois de

% de participación nos ingresos do Estado no 93



entrevistarse co ministro de Economía, Pedro Solbes, considera que a cesión de impostos, como a matriculación de vehículos, o IVA minorista ou algunhas figuras relacionadas co xogo, "constituen un camiño mellor que a cesión do IRPF porque garanten maiores cuotas de autonomía financeira á comunidade, precisando dun procedemento menos dubidoso desde o punto de vista xurídico. Aínda así, Orza, que non é militante do PP, declarou que a Xunta acepta a cesión do 15% do IRPF, pero sempre que este principio non vaia separado da corresponsabilidade fiscal.

Un vello sistema

Aínda que a cesión do 15% do IRPF ás Comunidades Autónomas se está a presentar como unha chantaxe de Jordi Pujol para apoiar os orzamentos do Goberno central, esta medida está contemplada desde hai máis de tres anos e non foi precisamente a CiU quen primeiro a solicitou senón os socialistas cataláns do PSC, o que non é óbice para que sexa unha das premisas de Pujol para apoiar ao actual goberno do PSOE, sabedor de que esta medida non só beneficia a Catalunya orzamentariamente, senón que lle dá máis autonomía fronte a Madrid. Xosé Luís Barreiro escribía que "Pujol sabe ben que detrás hai moitos miles de millóns de pesetas".

A medida foi presentada na anterior lexislatura e tivo apoio do PP. Quedou ratificada nos pactos autonómicos firmados vai facer dous anos, polo que as críticas da dereita a Pujol e González son máis conxunturas que de fondo ao propio sistema de financiamento que xa está pactado. Salientar neste apartado as diferencias existentes entre o Conselleiro de Economía Orza e Fraga Iribarne, que segue fiel aos pactos de Aznar aínda que vaian en perxuízo de Galiza. ♦

Producir na Galiza e pagar fóra

Das vinte primeiras empresas que operan na Galiza, en canto ao volume de facturación, só seis están domiciliadas no noso país, quer dicir isto que as catorce restantes dan conta das súas cargas impositivas fóra.

Citroën, Caixagalicia, Inditex (matriz de Zara), Caixavigo, Pescanova, Banco Pastor e Coren non só concentran na Galiza a maior carga do seu traballo, tamén pagan impostos aquí.

Os mellores vales do país foron anegados para montar unha industria de produción hidroeléctrica que ten en Madrid a súa sede social, desque Fenosa acordou a súa fusión con Unión Eléctrica. A outra grande xeradora de enerxía que ten Galiza, Endesa, denunciada polos ecoloxistas por ser a máis lesiva fonte contaminante que padecemos, tamén paga fóra.

A metade da enerxía eléctrica que consume Galiza -non a que xera, que é moita maior cantidade- vai para a Aluminio Español, situada en San Ciprián, no Concello de Cervo, aínda que non sexa este municipio nen nengun outro galego, domicilio social da empresa.

O Aegean Sea, cando encallou fronte á Torre de Hércules, dirixíase á factoría que Repsol ten na Coruña. Esta refinería concentra parte dos seus riscos na Galiza, pero os beneficios fícan en Madrid.

O BBV, Telefónica, O Corte Inglés, Campsa, Cepsa, Alcampo e os bancos Banesto e Central non son nominalmente galegos, pero entre todos eles facturan aquí 340.000 millóns de pesetas. O fisco sabe deles en Madrid.

Marchan os investimentos

Contodo, nada ten que ver a cuestión do IRPF co enderezo social das empresas, que si pagan os impostos e a Seguridade Social dos seus traballadores nos municipios nos que está o seu centro de traballo. Pero as cargas sobre os beneficios das sociedades en cuestión si son recadados na sede desas casas.

"Hai empresas que ninguén dá como galegas, pero son tan de aquí como outras, ou non obteñen na Galiza os seus beneficios?", di Camilo Nogueira.

Dase a coincidencia de que as empresas que operan na Galiza pero co paraguas de fóra teñen un marcado carácter extractivo, deste xeito apenas deixan riqueza no noso país. Pola contra, os beneficios da explotación son investidos noutras partes. Se a Galiza se convertese no destino destas plusvalías significaría unha cantidade moi superior á cesión do 15% do IRPF. ♦

AS CERAMICAS DO
CASTRO  **DE**
SARGADELOS 
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS,
AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS  **DE GALICIA**
E O  **SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS**

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

LIGA DE FUTBOL

A violencia dos xogadores e da policia ensombreceu o derbi

As ausencias fixéronse notar en Riazor

■ VITOR MIGUEZ

O dérbi Deportivo-Celta, que coincidiu o Domingo 5 co principio da tempada de futbol, caracterizouse pola violencia, practicada polos xogadores, a policia e o público. A calidade do xogo non estivo á altura e a festa do balompé galego rematou convertida nun recital de placaxes digno dos All Blacks. Ao final do encontro o resultado foi o dun empate no que nen sequer houbo goles. Mentres, noutros campos, os principais rivais do Dépor —a equipa galega con máis posibilidades nesta Liga— gañaban os seus partidos.



Donato cae ao chan após a entrada do xogador céltico.

LALO VILLAR

No caso de Gudelj os afeizoados atopáronse diante dun episodio de "viver das rendas" colleitadas polo croata durante a pasada tempada, e que tanto afectou ao rendemento do plantel. A este respecto non hai que esquecer que o Celta ten na dianteira suplentes de relativa solvencia, nomeadamente Mosquera e Sallillas, a quen Txetxu Rojo non permitiu abandonar o banquillo en ningún momento.

As accións da policia mereceron o comentário do concelleiro de tránsito, quen calificou a actuación de *indiscriminada e perigosa*.

Os enfrontamentos extra deportivos —máis propios da equipa das nosas antípodas—, entre as peñas *Riazor Blues* e *Celtarras*, marcaron os momentos previos á celebración do partido. O cordón policial non impediu que os membros máis agresivos atacaran aos afeizoados rivais, e os incidentes remataron nun ataque masivo contra cinco autocares que transportaban celtistas.

A presenza policial adoleceu de capacidade disuasoria. As medidas preventivas non foron as axeitadas e o desaloxo das dúas afeizóns produciuse ao mesmo tempo. Deste xeito deuse lugar á proliferación de incidentes. Tan pronto a situación se agravou os axentes da policia cargaron discriminada e repetidamente e puxeron en perigo a integridade física da totalidade do público que saía do estadio.

Os incidentes na rua Manuel Murguía levaron á policia a tomar a protestada decisión de pechar un tramo da mesma, provocando carreiras, amoreamento da xente e mesmo situacións ao borde do pánico. Parellamente, os viaxeiros dos autocares viageses contaxiáronse desta ferenza e reaccionaron con violencia, até o punto de agredir a varios viandantes que circulaban pacificamente pola rua.

As accións de contención das desordes públicas por parte da policia nacional mereceron o comentário do concelleiro de tránsito e seguridade cidadá, Carlos González Garcés, quen calificou a actuación policial de "indiscriminada e perigosa", realizando

unha protesta formal ante a gobernador, segundo manifestou.

Un xogo deslucido

No plano deportivo cómpre destacar tres aspectos: por unha banda a inusual rudeza dunha equipa progresivamente

técnica como o Celta, por outra, a atitude da dianteira celeste, que desaproveitou a oportunidade de remachar ao Deportivo na segunda parte e, por último a constatación da sospeita de que o Dépor fichou a un fato de suplentes, agás Donato e Voro.

O primeiro partido da tempada tamén serviu para pór de manifesto que hai unha descompensación entre a defensa celeste, cuxa calidade está fora de discusión, e o nivel de preparación e de calidade de xogo mostrado por Gudelj e Losada, que non estiveron á altura do agardado.

Por outra banda, Luizinho deu mostra de ter grande calidade técnica, pero insistiu nunha táctica destrutiva durante case todo o partido. A atitude do xogador brasileiro impedeu á súa equipa sacar maior proveito tanto do carioca como de Gil e Ratcovick. ♦

A FALÁCIA DUN BANCO EQUILIBRADO

VITOR MIGUEZ

Nunca os partidos do verán lle deron ao Deportivo tantas evidencias dun futuro esplendoroso. Iso concretábase nunha defensa tan segura como nutrida e un meio campo de película. Os centrocampistas deportivistas —Mauro, Donato, Fran, Nando e Aldana— serían titulares no propio Milan. Mais non acontece o mesmo coa dianteira.

A crítica ven a conto porque o presidente Lendoiro non veu cumprido un obxectivo prometido: a confección dun plantel compensado. O paradoxo reside en que fronte a existencia de certas demarcacións ateigadas de xogadores a dianteira presentase desamparada.

Arsénio dispón de homes dabondo como para conformar unha aliañación que cobrise todos os buratos. Por exemplo, como marcadores podería botar man de Paco, Ribera, Serina ou Donato. E hai cinco homes que van ben para o posto de meio-volante dereito: Aldana, Alfredo, Vales, Xosé Ramón e Manjarín.

Até aí a cuestión non pasa de

ser estratéxica, pero ao chegar aos rematadores deportivistas atopámonos con que nen Cláudio nen Bebeto teñen substitutos: Kirov non está inscrito na Liga, Juanito vóltese un flan ao pisar o céspede, e —eis o grande erro da política de fichaxes— nen Pedro Riesco nen Manjarín son rematadores. Estes dous son unha promesa e unha realidade respectivamente. O primeiro pode ser definido como extremo e o último como meia punta, pero baixo nengun concepto deben ser calificados como dianteiros natos.

Os centrocampistas deportivistas, Mauro, Donato, Fran, Nando e Aldana, serían titulares no propio Milan. Mais non acontece o mesmo coa dianteira.

En definitiva, asistimos ao insólito caso dunha equipa que aspira a todo —mesmo a gañar a Liga—, que ficha a meio planeta e que despois do esforzo, descobre que non ten un só suplente para o posto máis vital da escuadra: o de rematador. O que sucedeu o pasado Domingo foi toda unha mostra do que será o Deportivo se Bebeto cai lesionado, circunstancia posíbel que, de non amañala Lendoiro, ligaría o futuro do clube á incerta resistencia de dúas pernas cariocas. ♦

■ Centro de Recepción e control de Alarmas
 ■ Sistemas de Seguridade Anti-roubo e Anti-incendios
 ■ Circuito pechado TV
 ■ Extintores
 ■ Portas Blindadas e Acourazadas
 ■ Caixas Fortes
 ■ Bunkerizacións

Seguridade A-1
 r / República Argentina, 29
 Telf.: (981) 59 21 21* Santiago

7 DIAS

■ A colleita de prêmios dos viños galegos

O viño de *Adegas das Eiras*, Abadía de San Campio recibiu a medalla de prata no 39 Foro Internacional de Viño de Ljubljana '93, celebrado recentemente en Eslovenia. Os 34 catadores decidiron, tras examinar 1.110 viños de Alemaña, Arxentina, Austria, Canadá, Croacia, Eslovenia, España, Franza, Grecia, Hungría, Italia, Xapón, Macedonia, e Portugal, que *Adegas das Eiras* mereca a medalla. Pola sua banda, catro viños da zona de Riveira Sacra foron premiados en Italia, no Val da Aosta. ♦

■ Duas deputadas austríacas denuncian de acoso sexual a alguns parlamentarios

Un semanario vienés informou nunha reportaxe do acoso sexual ao que están submetidas as deputadas no Parlamento austríaco. Duas deputadas acusan ao Ministro de Asuntos Sociais, Josep Hesoun, de ter o costume de meter as mans nos escotes. Así mesmo, un deputado do Partido Popular invitou, recentemente, a unha deputada do partido Verde a chupar o micrófono.

Segundo o xornal, non son casos illados, senón que hai unha actitude de machismo xeralizado por parte dos deputados. As parla-



mentarias denuncian que nos debates son obxecto de exclamacións a respecto do seu aspecto ou sexo, o que non ten nada que ver coa política. ♦

■ A campaña institucional da Xunta pedía o voto para o PP

A Xunta Eleitoral de Galiza emitiu un fallo que obriga a retirar a campaña institucional que o Executivo galego estaba levando a cabo. O PSdeG-PSOE pre-

sentará un recurso en contra do video emitido pola Xunta por consideralo improcedente en periodo preeleitoral.

Sete votos a favor e dous en contra do recurso obrigan á Xunta a modificar os contidos da campaña, que entre outras afirmacións dicía que "eiquí fíxose moito en pouco tempo e moito máis se seguimos a este ritmo". Para o PSOE, resultaba evidente a identificación entre a campaña, en teoría institucional, e o PP, como forza política que sustenta o Executivo. A Xunta anunciou que ia recurrir o fallo xa que non está conforme. ♦



ANXO IGLESIAS

■ O Goberno pretende ampliar o tempo de cotización para cobrar unha pensión

O tempo mínimo de cotización para cobrar unha pensión pasará de 10 anos a 15 anos se o Goberno aplica o novo sistema contributivo. Os principais afectados serán os traballadores que actualmente rondan os 30 anos, e en ningún caso aos actuais pensionistas ou a aqueles próximos a xubilación.

Os sindicatos rexeitarán esta proposta porque iso endurecería aínda máis as condicións sociais, tendo

en conta que os contratos de traballo son cada vez menos estábeis, dificultase o acceso a unha pensión. De feito, o Estado español ten o período mínimo de contribución máis elevado da CE, xa que na maioría dos países non existe período mínimo para acceder a pensións, e nos que o hai é moito máis curto. A CIG mostrouse contraria tanto a esta proposta como ao Pacto Social, protestando por quedar fora das negociacións por máis que sexa central máis representativa. ♦

■ O fiscal militar do Supremo oponse á concesión do réxime aberto a Tejero

Os avogados de ex tenente coronel da Garda Civil, Antonio Tejero Molina, informaron que este podería disfrutar de réxime aberto nun curto prazo de tempo. Tejero, que cumpre unha condeza de trinta anos na Prisión Militar de Alcalá de Henares polo intento de Golpe de Estado do 23-F, disfrutará, co paso ao terceiro grao, de saídas da cadea de até sete días.

O indulto de Tejero foi solicitado por unha asociación de mulleres de militares do pasado mes de Xullo. A Sala do Supremo pronunciouse a favor deste recurso aínda que espera un informe da equipa de observación para emitir o seu pronunciamento. Tanto o fiscal militar do Supremo como o director da prisión opóñense a que Tejero Molina cumpra o resto da condeza en réxime aberto por non mostrar este arrepentimento e ser reincidente en actos golpistas. ♦

■ A actitude de Meilán a respecto de Filoloxia galega surprende aos alumnos

O reitor da Universidade da Coruña, Meilán Gil, terá que explicar as causas concretas polas que decide agora eliminar a titulación de galego-portugués cando hai dous anos foi o seu principal promotor. Meilán afirma que a titulación nunca existiu (cousa pouco verosímil para o catedrático e os seis profesores contratados e para as dúas promocións de licenciados), polo que non pode ser suprimida.

Os problemas políticos e o enfrentamento ideolóxico con algun profesor do departamento foron as causas principais para que se tomara esta decisión. O departamento de Galego, de tendencia nacionalista non estaba ben visto polo reitor, de tendencia máis conservadora e membro do Opus Dei. Agora os estudantes que podían pagar a sua estancia en Santiago, poderán licenciarse en Galego, o resto terán que ficar na Coruña e facer a licenciatura de Hispánicas. ♦

■ Comeza a campaña de vacinación contra a gripe

A Consellería de Sanidade puxo en marcha, o pasado Luns, a campaña de vacinación antigripal gratuita con prioridade para os grupos de risco. As persoas que poden contraer gripe con máis facilidade son os nenos, os maiores de 65 anos e os adultos con enfermidades cardiovasculares, renales, sanguíneas ou problemas de asma. Tamén inclúe dentro do grupo ao persoal hospitalario que mantén contacto con pacientes de risco.

A vacina contén virus mortos non infecciosos e xera anticorpos que reducen as posibilidades de contraer a enfermidade mesmo na xente maior de 65 anos, que produce anticorpos máis fébeis. ♦

■ O Anteproxecto de Constitución Galega da APU aposta por unha economía mixta

A Asemblea do Povo Unido baseará a sua campaña electoral nun Anteproxecto de Constitución, no que se revisa o marco xurídico e político da Galiza, a sua problemática e as alternativas necesarias. Incorpora elementos novos que van desde a fixación da territorialidade galega, incluíndo as Madas e o Bierzo, até a definición da defensa intransigente da economía nacional, insistindo na necesidade dunha economía mixta (privada e pública), onde sexan patrimonio colectivo sectores como o financeiro, enerxético ou de extracción mineira.

O anteproxecto inclúe tamén respostas para certas reivindicacións sociais como o aborto e a non discriminación por opción sexual. No aspecto político aposta pola elección directa non só dos cargos executivos senón tamén dos xudiciais. "Esta constitución nace como instrumento ao servizo do povo traballador galego, a quen en lexitimidade pertence en absoluta propiedade. O salto cualitativo que ela supón en comparación con épocas pasadas reflecte o alto grao de asentamento da conciencia nacional, propio de unha colexividade que arela vivir un futuro digno, xusto, solidario e libre, que só pode ser realidade facendo valer a propia soberanía e dando forma política á tan amada independencia nacional" ♦

■ CG desmente a sua unión coa CNG nas eleccións

Coalición Galega presentárase ás eleccións autonómicas do 17 de Outubro sen aliarse con nengunha outra forza política. CG desmentiu calquer acordo coa Coalición Nacionalista Galega, así como as supostas conversas do exsecretario xeral Adolfo de Abel Vilela coa CNG para concurrir xuntos ás eleccións. Unha xestora presidida por Xoan Xosé Pérez Labaca está preparando as candidaturas da CG, que pretende presentarse nas catro provincias. ♦

■ Os traballadores do servizo de limpeza de Cangas poderían volver á folga

Non están dispostos a que se lles desconten os días de folga do salario, senón dos 120 millóns que se lles deben. Ademais consideran que non están cumprindo co acordado para que rematara o conflito. Entre outras peticións está a prórroga automática dos contratos de tres meses ou as melloras sociais. Os incumprimentos sistemáticos dos acordos poderían levar novamente á folga, e mesmo á presentación dun contencioso ante a Xunta. ♦

■ Os veciños de Sanxenxo denuncian aos participantes nunha concentración de motos

Alguns dos participantes na concentración de motoristas da pasada fin de semana en Sanxenxo foron denunciados polo seu comportamento vandálico. Ademais de incidentes cos viandantes, tentaron volcar varios automóbeis e ambulancias, e invadiron os xardíns e as terrazas do centro da vila. Ao seu paso deixaron todo tipo de restos, como xeringas e botellas espalladas polas ruas. O concello está a estudar o suprimir este evento para o próximo ano. ♦

GALIZA E MUNDO

ELEIÇÕES AUTONÓMICAS

As eleccións autonómicas galegas próximas non son *as eleccións de Fraga*, senón unha *revancha* do PP sobre un PSOE vencedor nas anteriores xerais. Así as teñen deseñado desde a dirección madrileña do Partido Popular, en contradición co pensado por

parte dos dirixentes galegos. Na proclamación de Fraga Iribarne como candidato, José María Aznar quixo deixar ben sentado que o triunfo tamén ia ser seu pois el é hoxe o líder e como tal foi el quen lle deu a alternativa ao "xoven Fraga".

Desde Madrid pretenden que estas eleccións sexan unha revancha sobre o PSOE A aclamación de Fraga como candidato foi aproveitada por Aznar para mostrar a súa supremacía

■ ALFONSO EIRÉ

No acto de proclamación de Fraga Iribarne como candidato á presidencia da Xunta polo Partido Popular, celebrado o 4 de Setembro en Compostela, puideron albiscarse bastantes detalles que emarcan e definen a actual situación do PP e o que vai ser a súa campaña electoral. En primeiro lugar que Fraga xa non ten o arrastre e o fervor que tiña nas súas bases hai catro anos. Os numerosos compromisarios que preferían abandonar Santa Isabel e achegarse até o Obradoiro e ruas contiguas sen asistir ao acto; os que paseaban por fora do recinto, como a ex deputada Guadalupe Varela, aproveitando algúns para sacarse fotos de familia; parte das bancadas e sillas vacías, aínda que a organización afirmara que se "desbordaron as previsións" en contradición co manifesto anteriormente de

que "todos son compromisarios"; todo isto era impensábel hai catro anos, cando a toma de posesión do ex ministro como Presidente da Xunta.

Por outra banda, tamén se puxeron de manifesto as diferencias existentes no seo do propio partido na Galiza. Os discursos dos catro Secretarios Provinciais foron un mosaico ilustrativo das distintas *sensibilidades* existentes. O responsábel coruñés, Romay Beccaría, que presidiu a mesa do congreso acompañado de xóvenes, algúns procedentes doutros partidos, afirmou que "comeza unha cruzada" e pediu permiso ao final para ter "unha expansión e falar en galego".

Cacharro Pardo non pediu permiso, demandou, en nome dos



Aznar non acudiu á rolda de prensa, como estaba anunciado, porque desde Raxoi non querían que eclipsase a Fraga.

labregos de Lugo, que se "nos deixe producir", e reclamou unha reflexión no partido ante a política agraria. Baltar Pumar, o último en chegar ao partido, fixo un discurso de *peloteo* a Fraga e a Cuiña, afirmando que no PP non había xa diferencias e situando ao partido no centrismo. Cuiña, pola súa banda, debuxou a necesidade dunha Galiza *galeguista* mentres criticaba a *Operación Barreiro* cumprimentando a Albor e a Vitorino Núñez.

Un Fraga apocalíptico

Fraga Iribarne mostrouse no seu discurso *apocalíptico* e *crúzado redentor* na vaga que o afinara Romay, criticando as lacras da actual sociedade que sería filla dos socialistas e non dos capitalistas. O seu papel de *boi mudo*, asumido no Par-

lamento durante este catro anos, como lle criticou a oposición, semella que vai quedar relegado. Nesta campaña electoral mostra a súa verdadeira dimensión, sobretudo, para descalificar aos seus adversarios, principalmente ao BNG e ao seu líder, Xosé Manuel Beiras. Fraga despois de negar que Galiza estivese *"asoballada"* "porque se aplican criterios de solidariedade", volveu a descalificar ao BNG "moralmente", como fixera en días anteriores, afirmando que non se pode ser galego "negando a familia, a propiedade e a relixiosidade", á par doutras numerosas acusacións. Tamén se meteu con Beiras dicendo que tiña unha "pequena capacidade intelectual" por ser marxista.

De Sánchez Presedo riuse afir-

mando que o único que pode ofrecer é "compararse con Clinton", convidando ao PSOE a non criticar o seu pasado político porque eles xa teñen "historia, chea de *filesas* e *juanguerras*". Era o primeiro acto dunha campaña electoral que Fraga pediu "limpa e sen crispación".

A revancha das xerais

Pero, secadra, o feito máis ilustrativo e importante politicamente do acto foi o protagonizado por José María Aznar. O Presidente do PP quixo deixar claro que el é quen manda no partido e que o éxito de Fraga, de producirse, vai ser tamén o seu. Aznar recordou como hai tres anos era Fraga quen levantara a súa man en Sevilla para proclamalo candidato, pero agora, "fun eu quen levan-

tei a do xoven Fraga. Deséxolle sorte e éxito. O seu e o meu".

Desde Madrid, onde aínda non asumiron a derrota electoral nas xerais, pretenden converter as autonómicas galegas nunha "revancha". Para isto necesitan que Aznar tome protagonismo na campaña, pretendendo que interveña con regularidade. A vitoria do PP na Galiza será o primeiro paso para a presentación dunha moción de censura a Felipe González que a dereita xa ven preparando desde o momento mesmo en que perdeu os comicios. A campaña deseñada en Madrid pretende que Fraga só se enfrente nos debates a Sánchez Presedo, pretendendo Fraga que estes só teñan lugar na TVG, mentres que en Madrid gostarian que se fixesen tamén nas cadeas privadas e para todo o Estado.

Cuiña é o deseñador desta campaña. O secretario xeral do PP xa se ve como substituto de Fraga despois de que este tivera o xesto de levantarlle a man dúas veces. As estratexias desta campaña non coincide coa elaborada en Madrid para Aznar. Aquí, coma nos anteriores comicios autonómicos, pretenden dar unha imaxe *galeguista*, de Fraga como o *grande líder* sen supeditación, e dun partido con *autonomía*. Pero as teses de Madrid, apoiadas por Romay, entre outros, semellan imporse, como se dominaron xa no propio acto ao falar Mariano Rajoy, "ese galego que nos enorgullece ao saír ao lado dos líderes nacionais", en palabras de Romay, para criticar ao Goberno central, sen que os organizadores tivesen previsto a súa intervención. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Secretario: Manuel Veiga. Vogais: Francisco Torrente, Casáreo Sánchez, Xosé M^a Dobarro, Xosé M^a Salgado e Carlos Xohán Díaz.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vivande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: A. Prieto (A Coruña), Manuel Vilar (Santiago), H. Santiz, M^a X. Arias (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Raton (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortega), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baxo), H. Naval (A Mariña), X. López Témex (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Pilar Saavedra (Montforte), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), M. Rodríguez

Bertojo (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Manibel Lugiñe (Asturias), Gonzalo Nuno (Porto). Deportes: V. Miguez. Cultura: Lino Braxe. Axenda: Iago Luca.

Colaboradores: Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Avelina Barreiro, C. López Garrido, Naniña S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Álvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacío, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mellá, Xesús Vega, César Varela, X. Fernández Mateo, Antonio Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña, Marga R. Holguín. Internacional: Xulio Ríos, Manuel Vilar, Carlos Durán, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid. Humor: X.X. Piñeiro Cochón. Literatura: Xesús González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M.

Millán. Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Óscar Losada. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. Cine e Televisión: Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Arquitectura: Práctico Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesús Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, Chus García, M. Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délimi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias, El Progreso. Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo, Xulio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscripcións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa Apartado postal 1371 (36200 Vigo).

Teléfonos: Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105


Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

ELEIÇÕES AUTONÓMICAS

As candidaturas aprobadas polo comité nacional do PSOE na Galiza son o comezo "da abertura do partido á sociedade", segundo Sánchez Presedo. Como dados máis significativos hai que salientar a non inclusión do ex presidente González Laxe, do portavoz do grupo parlamentario socialista, Rodríguez Pardo e do secretario de organización do partido na Galiza, Xosé Nogueira, entre os 10 dos 28 membros eleitos na anterior lexislatura que non repiten. Pola contra, en cada candidatura figura un independente en lugar destacado: Uxio Labarta en Pontevedra, Santos Oujo en Ourense, Francisco Cerviño na Coruña e Celestino Torres en Lugo.

Tal adestrador de fútbol que ten problemas con algunha das súas figuras porque non seguen no campo de xogo o esquema marcado previamente, Sánchez Presedo recorreu ao inapelábel tópicus de que "só poden xogar once", para xustificar as significativas ausencias nas candidaturas do PSOE nas eleccións autonómicas galegas. Pola súa banda, os opositores, con Francisco Vázquez á fronte, preferiron non dar agora a batalla e agardar aos resultados eleitorais para *pasarlle factura* a Presedo, pois daquelas, a parte dos posibles resultados negativos, estarán en plena etapa congresual. O alcalde coruñés nen sequer asistiu á reunión do comité nacional e o mesmo fixo o coordinador ourensán Veiga Pombo. Aínda así, Presedo soubo manobrar con astucia neutralizando a Carlos Príncipe; este contempla como o seu contrincante

Coa inclusión de independentes nas listas pretende atraer o voto galeguista Presedo comezou a remodelación do PSOE deixando a 10 dos 28 deputados fora das listas



Sánchez Presedo realizou unhas listas sen que, por primeira vez, estivese hipotecado polas baronías.

Abel Caballero é o grande derrotado e lava as mans dicendo que "Paco Vázquez foi quen puxo a Presedo, pois agora que sexa tamén quen o saque". Por outra banda, o alcalde vigués anda contento coa inclusión de número un de Uxio Labarta pola provincia pontevedresa, *vendendo* que se está a facer a política que el deseñou coa formación do Goberno Tripartito na cidade olívica e tratando de *pesca* a outros galeguistas.

Pior sorte tivo Presedo en Ourense, onde non logrou neutralizar a oposición do alcalde Veiga, que tentaba incluír no primeiro posto ao concelleiro Casares, pero fíxose co apoio do polémico Agustín Vega, relegado nos anteriores comicios, polo que, conseguido xa anteriormente o apoio de Ceferino Díaz e de Gato Soengas, con Xerardo Estévez en actitude de vixilia permanente, decidiu atacar di-

rectamente o reduto de Francisco Vázquez e o seu aliado Abel Caballero, decidíndose, dunha vez, a camiñar sen tutelas.

A sorpresa dos independentes

Segundo a dinámica imposta por Felipe González nos anteriores comicios lexislativos e co ánimo de "abrir o partido á sociedade", Presedo puxou, desde un primeiro momento, por incluír candidatos independentes en lugares destacados das listas co ánimo de esmaltar o pouco e apagado brillo galeguista do PSOE e, seguindo a consigna de González, "galeguizar o partido para poder absorber a sectores nacionalistas", tal como realizaron en Euskadi. A operación na Galiza non só tenta facerlle frente ao nacionalismo senón impedir o ascenso do PP. Voltábase a reeditar a iniciativa da primeira lexislatura con cha-

mados *galeguistas históricos* que tan pouco puderon influir na política do PSOE.

Antes da confección definitiva das listas baralláronse moitos nomes, algúns sen posibilidades de comprometerse partida-

Rodríguez Pardo, até agora portavoz parlamentario do PSOE, ficou fora.



A. IGLESIAS

riamente co PSOE, aínda que deixaran utilizar o seu nome como gancho para outras incorporacións. Aínda, agás a presenza longamente anunciada de Santos Oujo, os tres restantes candidatos sen filiación política ao PSOE foron unha relativa sorpresa. Tanto Uxio Labarta, número un por Pontevedra, como Francisco Cerviño, que segue a Presedo na candidatura coruñesa, eran homes estreitamente ligados non só ao proxecto de Esquerda Galega, senón, sobretudo no caso de Labarta, ao propio Camilo Nogueira, con quen o une unha vella amizade. Segundo un portavoz socialista, estas dúas incorporacións, así como a do emigrante Moisés Muñiz, posibilitarán "arrancarlle o posíbel escano que poderían obter Camilo Nogueira e Anxo Guerreiro pois trátase da fendedura máis importante que nunca se produciu no entorno de Camilo".

Un fondo calado político ten tamén a inclusión do alcalde monfortino Celestino Torres, pertencente a CG, quen ocupará o terceiro lugar pola provincia luguesa. Despois de ser repetidamente *tentado* polo PP, que xa o daban como seu militante na operación de fichaxe dos seus compañeiros coagas de Paradela, Sárria e Samos, que desbotaran con anterioridade a oferta do PSOE, agora o rexidor monfortino, que anunciara hai algúns días que ía renunciar á alcaldía, decide incorporarse aos socialistas acompañando a Santos Oujo.

Pola contra, un dos deputados excluídos considera que Presedo "carece de todo carisma galeguista e, se non o asume o partido, de nada valen os independentes", lembrándose do papel de Presedo no Goberno Tripartito e do atranco que pode supor a súa actitude para un Goberno de coalición co BNG. ♦

XURXO LOBATO

Resta importancia a inclusión de Labarta e Cerviño nas listas do PSOE

UG-EU pretende consolidarse como un proxecto con perspectivas de futuro

Duas son as principais apostas de Unidade Galega-Esquerda Unida para os próximos comicios autonómicos, segundo puxeron de manifesto os seus dirixentes na presentación das candidaturas: "consolidarse como un proxecto con perspectivas de futuro" e "ser garante de calquer proxecto de cambio que se acometa na Galiza".



Camilo Nogueira compartirá cartel con Anxo Guerreiro.

UG-EG apresetase a estes comicios sen enemigos, segundo sinalou o ex deputado Domingo Merino, aínda que recalcou que coalición "é incompatible co que representa Fraga Iribarne", precisando Demétrio Vázquez, o representante de EU que "non entregarán nengun cheque en branco a nengun goberno alternativo ao de Fraga", reclamando unha campaña electoral máis rigorosa.

Pola súa banda Carlos Vázquez restoulle importancia a que militantes do PSG-EG, como Uxio Labarta e Francisco Cerviño, se pasasen ao PSOE, pois non van mudar a imaxe dos socialistas xa que "aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona se queda". Tamén puxo de manifesto que os candidatos in-

dependentes socialistas non poderían ocupar os mesmos postos nas listas de UG-EU.

Pola súa banda Uxio Labarta desmentiu que a súa incorporación ao PSOE formase parte de ningunha cabeza de ponte para outras posibles incorporacións, tal como se especulaba nalgúns medios políticos.

As listas

Segundo a presentación realizada por Domingo Merino as listas de UG-EU son "representativas das distintas comarcas e dos diferentes ámbitos sociais". Por A Coruña, tal como xa tiñan anunciado, encabezará a candidatura Anxo Guerreiro, que compartirá cartel electoral con Camilo Nogueira, can-

didato á Presidencia e número un por Pontevedra. A Anxo Guerreiro acompañano nos seguintes lugares na lista coruñesa Domingo Merino, Manuel Fariña, Martínez Barreiro e Xurxo Forxán.

En Pontevedra, Pilar Martínez, Ana Gandón, Xosé María Mourellos e Manuel Currás, seguen a Camilo Nogueira. En Lugo o cabeceira de cartel é Carlos Dafonte, seguido de López Martínez e Rufina Quiroga, mentres que en Ourense Amaia Pérez ocupa o primeiro posto, presentándose a continuación Elena Arnáiz e Xosé Carballido. Os membros dunha e outra formación intercálanse encabezando os de EU A Coruña e Lugo e os de UG, Pontevedra e Ourense. ♦

ARQUIVO A.N.T.

ELEIÇÕES AUTONÓMICAS



Entre todos, é o sublema da campaña aprobado polo Consello Nacional do BNG

Considera que as listas apresentadas son "para gobernar" O BNG formula 15 puntos básicos para a política económica do Goberno galego

O BNG escolleu para a súa campaña eleitoral o lema "O millor para Galiza, convencido de que somos a auténtica alternativa de goberno", polo que as listas confeccionadas íntegras persoas "preparadas para atender as funcións de

governar", e apresentando no programa 15 medidas básicas e urxentes para unha "política económica de goberno para Galiza", segundo puxeron de manifesto os seus líderes na presentación das candidaturas.

Co convencimento de que "Galiza ten perspectivas de futuro e capacidade dabondo para desenvolverse", acomete o BNG a campaña electoral, segundo puxo de manifesto a súa voceiro, Encarna Otero, durante a presentación das candidaturas. Listas que terían como criterio a integración de diferentes sectores sociais, con presenza sobranceira de mulleres e mocidade, "e non por cupo, senón por traballo e introdución", diría Encarna Otero; o traballo institucional, a introdución social e o criterio comarcal. Precisamente conxugar a presión das distintas comarcas que demandaban a inclusión de militantes seus en lugares destacados das listas, nomeadamente A Coruña, Vigo ou A Mariña luguesa, foi unha das maiores dificultades da elaboración, segundo pudo saber A Nosa Terra.

Ademais dos criterios antes expostos, Encarna Otero puxo de manifesto que "son unhas listas elaboradas para que os seus integrantes podan atender as funcións propias de gover-

nar", convencidos de que "Fraga non operará a maioría e de que o BNG é a auténtica alternativa como xa foi a verdadeira oposición durante estes catro anos". Esa disponibilidad para adicarlle tempo e as perpestivas eleitorais, sería o que relegou a algúns coñecidos militantes a lugares testimoniais, ao último da lista, deixando paso a outras persoas con máis dedicación política.

Repiten os parlamentarios

Como xa anunciara a fronte nacionalista, Xosé Manuel Beiras será o candidato a presidente, repetindo nos seus postos os demais parlamentarios, incluído Suárez Canal por Ourense, a quen privaron a última hora da acta de deputado nos anteriores comicios autonómicos. Os demais postos de saída ocupáronos os distintos "pesos pesados" da organización e representantes sindicais.

Así, en A Coruña, seguindo aos ex parlamentarios Beiras Torra-

do e García Negro, sitúase Francisco Rodríguez, o candidato a alcaldía de A Coruña, Henrique Tello e o líder de Inzar Xesús Vega. Gustavo Docampo, ocupará, simbolicamente, o último posto. En Pontevedra é Olaia Fernández, dixente sindical, Guillermo Vázquez, responsable de Pontevedra e Bieito Lobeira, de Galiza Nova, os que se sitúan nos postos seguintes a Bautista Álvarez e Francisco Trigo que repiten nos números un e dous, respectivamente. No último lugar situaron a González Amadiós.

En Ourense, Alfredo Suárez Canal encabeza a candidatura seguido do líder do PNG Rodríguez Peña, Fereiro Abelleira, Pilar Gato e Xesús Losada. Pecha a lista Manuel Cabaleiro. En Lugo, pola súa banda, a lista encabezada por Rodríguez Feixo, leva como número dous ao dirixente labrego Emilio López, situándose nos lugares a continuación, Rodríguez Guerreiro, Sotelo Goianes e Carme Vázquez. O último lugar, testimonial, ocúpao Eloi Villada. ♦

Medidas urxentes

O BNG propón "quinze criterios básicos para unha política económica" que debería desenvolver o Goberno galego. Facer unha análise da realidade económica, deseñar un modelo alternativo ao das últimas décadas, orientar o proceso de desenvolvemento auto-centrado, son as tres primeiras medidas. Tamén propón a especialización productiva, prestando singular atención aos complexos industriais ou intersectoriais que seguen a constituir as pezas clave da actual estrutura productiva; operar no mercado de capitais correctamente, no aforro interno e na captación de recursos exter-

nos; deseñar o modelo e a política de sector público, sen perjuicio da vixencia da libre empresa; deseñar unha política enerxética que permita utilizar en beneficio propio os excedentes e vantaxes comparativas. son outras das medidas.

Tamén propón o BNG facer un balanço dos recursos reais e pontenciais que acobilla a base física da economía galega estudando a mellor opción para a súa utilización. Así mesmo, considera que é necesario establecer o criterio para que o proceso de crecemento non se opere a costa do descenso dos niveis de sa-

larios en terminos reais. A política laboral e de emprego deberá de conducir á progresiva reabsorción do paro e á paulatina recuperación da forza do traballo emigrado. Demandan tamén a necesaria transferencia de tecnoloxía, criando tecnoloxías alternativas. Por último, propón o BNG utilizar os resortes constitucionais que permitan a coordinación efectiva coa planificación económica xeral polo poder central do Estado, segundo o artigo 131 da Constitución. Esta medida levaría por exemplo a que o C.A. galega realizase o seu orzamento e fose asumido polo Estado. ♦



Pacto social en España

MANUEL CAO FERNANDEZ

A gravidade dos desequilibrios macroeconómicos da economía española obriga ao actual goberno González a acometer unha política de axuste presupostario e de reformas estruturais, contese ou non co apoio dos axentes sociais e económicos. A anaxia cos Pactos da Moncloa de 1977 tense posto de manifesto nestes días apesar da ausencia, máis aparente que real, de inestabilidade política no momento actual. A transmisión á esfera política dos problemas económicos é sorprendentemente rápida e España non ha ser unha excepción.

En verdade, a non resolución dos problemas económicos españois provocará convulsións políticas que poden traducirse na inviabilidade política de España como Estado. Italia está a pique de sofrer mutacións políticas que poden servir de exemplo ao que lle espera ao Estado español, se prosegue na situación de esclerose política e económica e non cambia radicalmente os seus comportamentos. O pacto político entre o PSOE e os nacionalismos basco e catalán é a única posibilidade de conservación do Estado, habida conta de que o PP conserva un bafo autoritario que o imposibilita para liderar un proxecto rexenerador, democrático e progresivo que conte con apoio suficiente por parte dos poderes reais que operan en España. Resolto o pacto político queda a vertente social na que os diversos axentes terían algo que dicir.

O modelo de relacións sociais típico do chamado *capitalismo renano* máis idóneo debido á súa combinación de medidas baseadas en consenso amplo e democráticos no que conflúen os intereses dos diversos axentes económicos e sociais. Ese modelo é o que intenta implantar e aplicar o Goberno actual, coa dificultade da falta de tradición democrática tanto de empresarios como de sindicatos, nunha situación de crise que fai inevitables os recortes sociais e cunha cultura histórica de confrontación en lugar de consensos.

Agrávase o problema ao esvaérense as vantaxes competitivas nadas de baixos salários. Proximidade aos mercados e dinamidade do mercado interior. Xa outros países substituíron a España. O período de crecemento dos anos 80 non serviu para consolidar un aparello produtivo con vantaxes competitivas nalgun sector importante, senón que incentivou a desindustrialización pura e simple e o refuxio dos capitais no sector inmobiliario e financeiro-especulativo. O problema de agora é: Cales van ser os sectores ou empresas que sosterrán a economía española no médio prazo susceptibles de seren apoiados por un pacto de rendas? Velaí o dilema dos sindicatos que poden verse obrigados a apoiar un pacto de rendas que quizá só sirva para prolongar a agonía de empresarios ineficientes e escasamente preparados para competir. Con todas as interrogantes e dúbidas comprensibles, o pacto social é imprescindible para intentar remontar a crítica situación da economía española. Galiza debería anticiparse con sabedoría e intelixencia, facendo efectivo un pacto social galego polo emprego e a competitividade da nosa economía. ♦

‘O dilema dos sindicatos é que poden verse obrigados a apoiar un pacto de rendas’.

FOLGA DA DOBRAXE

O fin da folga no Estado planea sobre o futuro das relacións laborais na Galiza

Os profesionais da dobraxe loitan por conservar o convénio galego

■ ARANTXA ESTÉVEZ

Os dobradores galegos foron tachados de esquiroleiros por non secundar a folga que, durante tres meses, protagonizaron madrileños e barceloneses. Estes reivindicaban un convénio estatal que homologase as tarifas de todos os dobradores do Estado español fronte ao perigo que supuña a auxe da dobraxe galega. Os profesionais de Galiza, cun convénio propio e diferenciado, sosteñen que esa folga se levou a cabo para que todo o traballo se faga en Madrid e Barcelona.

Cando, a finais de Maio, os dobradores madrileños e barceloneses decidiron convocar a folga, enviaron á Galiza un listado de series televisivas e películas que eles comezaran a dobrar. A proposta que se lles facía aos profesionais galegos era que non remataran estes traballos considerándoos material de folga. O certo é que uns poucos dobradores galegos non respectaron este compromiso e produciuse un forte enfrontamento entre os mesmos galegos.

"Tendo en conta que a súa folga non tiña nada a ver connosco, creo que xa é bastante que a imensa maioría de nós respecte ese material que eles comezaran a dobrar", di Alfonso Baliño, un dos portavoces dos profesionais galegos.



Madrileños e cataláns temen perder cuota de mercado fronte ás empresas galegas de dobraxe.

A calidade da dobraxe na Galiza

Os once estúdios galegos adicados á dobraxe reciben os seus encargos da industria do vídeo e da televisión. Até agora non houbera incursións no cinema. As distribuidoras non disputan de dobradores e tiñan apuros para estrear dúas películas: *Parque Xurásico* e *O último gran herói*. Profesionais galegos puxeron a voz nestas dúas películas. Para Baliño este foi o fei-

“Ao comezar a folga, algúns dos profesionais que secundaron o paro ridiculizaron ante algun meio de comunicación a nosa suposta incapacidade para dobrar debido ao acento”

to que máis molestou entre madrileños e barceloneses.

"Eles sempre argumentaron que

o cine se debía facer en Madrid e cando comprobaron que os dobradores galegos podían facelo comezaron as acusacións. Xa ao

Dificultades para conseguir un convénio propio

Os dobradores non queren entrar no convénio estatal que se asinará a principios de ano. Pero o desexo de asinar un propio estase atopando con dificultades. Tres sindicatos van negociar o convénio. A UGT non ten representación no sector pero estará presente por ser central sindical maioritaria no

Estado e puxará por un convénio estatal. CCOO, aínda que anteriormente apostou polo convénio galego, vai apoiar o próximo ano a homologación que pedían os folguistas. A CIG será o único sindicato que reivindique o convénio galego.

A imensa maioría dos profesio-

nais galegos non queren entrar nese convénio a nivel estatal, xa que as intencións desta folga estiveron moi claras. "O que queren é que todo o traballo siga centralizado, apesar de que os meios de comunicacións desden a imaxe de que nós eramos uns esquiroleiros, insolidarios con eles". ♦

comezar a folga algúns dos profesionais que secundaron o paro ridiculizaron ante algun meio de comunicación a nosa incapacidade para dobrar debido ao acento".

Os traballadores de Madrid e Barcelona viñeron á Galiza para pedirles que fosen á folga acusándoos de esquiroleiros. "Nós entendemos que eles queiran defender as súas tarifas pero o que non poden pretender é que nós secundemos a súa proposta cando o noso convénio é outro distinto e as características do noso traballo tamén", explica unha representante de APADEGA (Asociación Profesional de Actores de Dobraxa na Galiza), que conta con 147 afiliados.

Para Alfonso Baliño, a clave para entender os ataques dos madrileños e dos barceloneses está tamén en saber por que nun determinado momento estes peden unha homologación de tarifas reivindicando e redactando un convénio estatal no que non se contou cos traballadores de Galiza. "Os galegos levamos dez anos dobrando e xa demostramos que sabemos facelo. Cando aparecen as televisións privadas, a oferta diversifícase e ven traballo para aquí. De calquer xeito, aínda cun convénio estatal, nós traballamos sobre un 10% do que fan eles".

A situación dos traballadores deste sector depende da demanda que exista; non están suxeitos a unha empresa en particular. Para moitos dos catrocentos dobradores que hai en Galiza, esta foi a oportunidade de amosar a súa valía profesional xa que desde sempre houbo un grande desequilibrio entre o volume de traballo que realizan os madrileños e cataláns e o que fan os galegos.

Para a representante de APADEGA non se pode reducir todo a unha cuestión económica; existe certo medo á calidade da dobraxe en Galiza. "A calidade é equiparábel á de calquer outro sitio; de feito antes da folga xa se traballaba para outras televisións ademais da galega". ♦

GALICIA
CINCO SÉCULOS DE HISTORIA
AMÉRICA

EXPOSICIÓN NO MEMORIAL DE AMÉRICA LATINA
SÃO PAULO (BRASIL)
OUTUBRO DE 1993

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



Rúa do Vilar, 30. 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos: 58 80 88 / 58 97 09 • Fax: 58 86 99

TRANSPORTE PÚBLICO

Raul Canosa, da CXTG, agredido por varios autopatróns: 'Os taxistas vigueses non teñen conciencia de servizo público'

■ A. ESTÉVEZ

Raul Canosa, secretario comarcal de transportes da CXTG, comezou a traballar para a obtención de máis licencias cando Manuel Soto estaba na alcaldía de Vigo. Este último contratara a elaboración dun estudo sobre a necesidade ou non de incrementar o número de táxis. "Sen querer, encargueime de levar adiante a proposta, e comezou unha campaña dos autopatróns, con escritos rexeitando novas licencias, ameazas e folgas que para min non son folgas, senón peches patronais porque hai empregados".

A investigación que levou a cabo Canosa tivo como resultado unhas vinte e cinco denuncias acerca de irregularidades entre os taxistas de Vigo. Se o reglamento impón unha dedicación exclusiva ao táxi e que só se pode compartir cun empregado, descubriu casos como o dun autopatrón que traballaba no estranxeiro mentres dous empregados seus levaban o táxi e el aparecía apuntado nas listas do INEM, ou como outros taxistas que tiñan comercios na cidade. "Mandeí toda a documentación ao Concello, á delegación de Traballo, ao INEM, que era o defraudado pero aínda hoxe non pasou nada".

Insultos, ameazas e persecucións

Coa chegada do goberno tripartito ao concello vigués e co resultado do estudo que se fixera, apróbase nun pleno a concesión de cen novas licencias. Raul Canosa estaba na sala e lembra que nese momento comezaron os problemas para el. "Nada máis empezar a ler a lista dos que se lles adxudicara unha das cen novas licencias, os autopatróns que enchian o salón berraron a favor de Franco, tiraron as mesas, insultaron á concelleira de tráfico etc. Había que velo para crelo. Ese día tiveron que ir para casa nun coche do 092 porque os autopatróns estaban detrás de min".

Canosa opina que nunca lle pedaron que loitase pola ampliación do número de licencias, aínda que fosen unha concesión pública e hoxe non estaxan outorgadas pola presión que exerceron os autopatróns. "Xa en Decembro do pasado ano recibín chamadas con ameazas de morte, seguiron ao meu fillo durante un tempo e apareceu unha pintada no local da CXTG cunha esquela co meu nome, forzaron as pechaduras e provocaron destrozos no interior. Denunciamolo, falamos co Gover-

nador, pero quedou en nada".

Cando Canosa pasa por unha parada de táxis recibe insultos e ameazas, pero a agresión máis grave ocorreu o pasado 1 de Setembro. A carón do hipermercado de Coia tres taxistas déronlle unha paliza, mentres outros catro ou cinco observaban. Golpearonlle en todo o corpo e tamén, ao caer, feriu a cabeza e quedou semiinconsciente.


te. Todos os agresores están identificados e Raul Canosa máis a CXTG presentarán sendas denuncias.

A atitude dos taxistas

Contodo, Canosa non xeraliza cando comenta a atitude dos autopatróns. "Cónstame que todos están enfrentados conmigo no aspecto laboral, pero algúns chamáronme para dicirme que

rexeitan totalmente este tipo de agresións".

Os problemas fundamentais dos taxistas en Vigo son, para Canosa, a existencia de moitos intereses ocultos e a falta de conciencia de servizo público. "Hai un nivel cultural moi baixo entre os autopatróns, e non me refiro á cuestión académica, senón a aspectos como a preparación que require ofrecer nun servizo público". ♦



A. IGLESIAS

XACOBEO 93 PRESENTA

POP '93 PONTEVEDRA

11 SETEMBRO

MIGUEL ROSE
COMPLICÉS
ALEJANDRO SANZ

14 SETEMBRO

JOAQUIN SABINA
ORQUESTA MONDRAGON
MIGUEL BROS
NO ME PISES QUE LLEVO CHANCLAS

15 SETEMBRO

ROSARIO
LOQUILLO
MANOLO TENA

LUGAR DE CELEBRACION:

RECINTO FEIRAL. PONTEVEDRA

ENTRADA: 2000 PTS
ABONO: 5000 PTS

XACOBEO GALICIA

COLABORA:
Sociedad General de Autores de España

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO
S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO 93

VENDA ANTICIPADA NAS OFICINAS DE:

Banesto

RESERVA DE LOCALIDADES
902-25 07 93
RADIO PONTEVEDRA
ELEPE - VIGO

COA COLABORACIÓN DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO

MEIOS DE COMUNICACIÓN

Calquer cidadán da Galiza pode actualmente sintonizar na frecuencia modulada dun aparello de rádio entre cinco e quince emisoras distintas en sucesivos puntos do dial. Se agrupamos as rádios tendo en conta as características da súa programación, a oferta redúcese á

mínima expresión. Este panorama pode cambiar nos vindeiros meses xa que a diversidade vaíse ampliar. Unha parte importante dos galegos e galegas poderán tamén sintonizar no seu receptor unha programación comarcal, centrada no seu entorno, através da rádio pública local.



As novas emisoras amplían a oferta radiofónica na Galiza As rádios municipais recén reguladas deberán garantir a transparencia e a participación

■ E. SANFIZ

A Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galiza ven de comunicar a 40 Concellos galegos a reserva provisoria de frecuencia para que estes municipios contén cunha rádio pública local. Na mesma comunicación indícase que os Concellos contan cun prazo de catro meses para a redacción dun proxecto técnico de instalación da emisora. En caso contrario cancelárase a reserva de frecuencia. Independentemente destes trámites, a asociación de Emisoras Municipais Galegas agarda que nas vindeiras semanas o Consello da Xunta outorgue a correspondente licéncia provisoria, e resolva as solicitudes de subvención presentadas para a montaxe das rádios públicas locais. O prazo para a concesión das axudas finaliza a fins de Setembro, polo que se agarda que a maioría dos Concellos poñan en marcha a súa emisora antes de finais de ano. De acordo coa normativa publicada pola Xunta, as rádios públicas locais deberán emitir cando menos o 50% da súa programación en lingua galega.

Enriquecer o panorama informativo

EMUGA indica que a posta en marcha de 40 emisoras municipais na Galiza "contribuirá a enriquecer o panorama informativo da comunidade, sumándose desta maneira á auxe que en to-

do o mundo están a rexistrar os meios locais".

Segundo esta entidade, "a propia descentralización da propiedade dos *meia* que se deriva deste proceso. É un fenómeno democratizador independentemente de que nun caso illado se poda facer unha utilización pernicioso da nova rádio".

Transparencia dos meios


A asociación de emisoras sinala que as novas estacións deben ser ante todo radios públicas ou empresas de comunicación ao servizo do conxunto da sociedade, "fuxindo do partidismo dos grupos gobernantes, e aberta á totalidade das forzas políticas e sociais do municipio". Segundo EMUGA, a propia cercanía física ao ouvinte, dificultará ou fará máis evidente unha hipotética manipulación partidista. "Haberá que abrir as portas —afirma esta entidade— a asociacións cidadás, comités de empresa, sindicatos, grupos ecoloxistas, e a todos os sectores veciñais que amosen algun tipo de inquedanza, e ademais haberá que artellar Consellos asesores ou Padroados, con ampla participación, que fagan o seguimento da rádio e regulen a transparencia do meio".

Os Concellos aos que se lle comunicou a reserva de frecuencia son os seguintes:

Na provincia da Coruña, Cerceda, Oleiros, Rianxo, Noia, Culleredo, Val do Dubra, Corcubión, Fene, As Pontes, Santiago, Negreira, Ribeira, Boqueixón, Arteixo, Porto do Son, Santa Comba e Boiro. Na provincia de Lugo, As Nogais, Foz, O Valadouro, Cervo, Lugo e Xove. Na provincia de Ourense, Celanova, Maceda, Xinzo de Limia, Ribadavia, O Carballiño, Verín e Allariz. Na provincia de Pontevedra, Silleda, Caldas de Reis, Ponteareas, A Estrada, Redondela, Nigrán, Tui, Bueu, Mancomunidade de Ponteareas e Cambados.

A distribución dos grupos gobernantes nestes Concellos practicamente reproduce o mapa electoral dos municipios galegos. En 19 casos o alcalde pertence ao Partido Popular, mentres que 12 militan nas filas do PSOE. Tres concellos están gobernados polo BNG, outros 3 por independentes, e tamén 3 por candidaturas centristas. Finalmente, nun dos casos o alcalde pertence a Alternativa Galega.

Alguns destes Concellos poden renunciar á utilización da frecuencia ao variar a intención da Corporación, desde o momento no que se apresentou o pasado ano a oportuna solicitude. Non obstante, existen xa novos municipios, interesados en contar cunha rádio pública local, máis alá dos incluídos neste listado. ♦



Paramilitares contra xornalistas

"O país sofreu moito co longo período de violencia desatado a finais dos anos sesenta. Hoxe, ninguén pode permanecer en silencio ante a reaparición de situacións e posibelmente até de protagonistas dun pasado sinistro". Deste xeito manifestaba a súa indignación a *Asociación de Entidades Periodísticas Argentinas*, nun manifesto publicado por **PAGINA/12**, tras a agresión sufrida polo xornalista Hernán López Echagüe, que "foi golpeado e ferido por descoñecidos. López Echagüe estivo investigando a formación de bandas ao servizo de grupos políticos en Buenos Aires. ADEPA non se conforma coas expresións oficiais de rutina ante estes episodios. (...) Tampouco pode pasar por alto que os incidentes que tamén tiveron por vítimas a xornalistas na Sociedade Rural Argentina, en Palermo, contaron coa participación de elementos vencellados co partido gobernante. (...) Deploran a ausencia dunha reacción pública enérxica dabondo por parte de todos os que terían a obriga de a ter feito."

Agora os xornalistas queren saber quen foron os que atacaron a Echagüe, "non basta co repúdio, tampouco co rexeitamento", di a Unión de Traballadores de Prensa de Buenos Aires. "Os xornalistas-traballadores de prensa son vítimas de ameazas, atentados e agresións, mentres as responsabilidades do Goberno da Nación aparecen ensombrecidas e sospeitadas de ineptitude á hora de dar cos responsábeis dos case que doucentos ataques á prensa nos últimos tres anos. (...) Nen que se nos diga que investigarán con todas as consecuencias. Agora teñen que aparecer os ideólogos e executores dos ataques contra a prensa e contra toda a sociedade democrática". ♦

"Punteareas", sen faltar

"Para min, o povo chamouse e seguirá a se chamar *Punteareas*, pero respecto os dous nomes; orabén, non pretendo cambiar nada en absoluto en canto á súa denominación e á das súas ruas, porque con iso respaldo as decisións de gobernantes anteriores" Afirmaba Xosé Castro, alcalde de Punteareas nunha entrevista publicada no **FARO DE VIGO** do pasado Venres día 3. En referencia ás oposicións á súa xestión "con todos os meus respetos teño que dicir que é nula e o único que fai é simplemente insultar e incordiar", engadindo que "respeito moito aos ecoloxistas e polo xeral están realizando un bon labor, aínda que non sempre están en posesión da verdade." Pero Xosé Castro, apesar das críticas e da forte oposición non pode deixar o seu cargo "porque o meu sentimento de responsabilidade impédeme e só o deixaría cando o povo non me quixese". ♦

Unha forza militar letal

"Dous décadas programando unha guerra contra a Unión Soviética e agora os estratexas estadounidenses anuncian unha reconfiguración do exército norte-americano para conseguir tal mobilidade e capacidade mortífera como para gañar dous dos máis grandes conflitos rexionais ao tempo." Paul Horvitz, do **HERALD TRIBUNE** asegura no número do 2 de Setembro que "a nova estratexia aplicárase durante os próximos cinco anos e implicará a presenza constante de 100.000 soldados norteamericanos na Europa e 98.000 na Corea e no Xapón. (...) ademais os exercicios militares serán máis frecuentes, acelerándose a instalación dos efectivos militares no Suloeste de Asia e Corea. (...) O Pentágono afirmou que os seus barcos continuarán patrullando o Pacífico e o Mediterráneo

KAL / The Economist. C&W Syndicate



(...) pero menos porta-aviões e máis lanchas porta-helicópteros."

"Bill Clinton aprovou a estratexia, que altera o concepto fundamental das forzas americanas para buscar novos inimigos en novos lugares, agora que o perigo soviético desapareceu." ♦

A CRISE DE LATINOAMÉRICA

Os sectores máis *duros* do peronismo conectados cos grupos paramilitares da ditadura

Bandas peronistas agreden a periodistas mentres Menem segue empeñado na reelección

■ PATRICIA GRINBERG / B. AIRES

En vésperas das eleccións parlamentarias do 3 de Outubro próximo, e cando o presidente Carlos Menem se mostra obsesionado por seguir gobernando "até o 2000", ser periodista na Arxentina converteuse nun traballo por demais perigoso. As ameazas e agresións á prensa rexistradas nos últimos meses chegaron ao seu cúmulo a fins de Agosto pasado, cando o periodista do diario *Página Doce* (de centro-esquerda), Hernán López Echague, foi interceptado na porta da súa casa por dous matóns que o atacaron a golpes e o feriron no rostro cunha navalla.

Os matóns "reprocharon" ao periodista a publicación dunha investigación en torno ao recrutamento, por parte de dirixentes do gobernante partido peronista, de grupos de choque destinados a agredir á prensa "rebelde". A investigación publicada en *Página Doce* orixinouse nun tumulto ocorrido cando Menem concorreu ao acto de inauguración da mostra agropecuaria da Sociedade Rural.

Esa cerimonia tradicional dos sectores poderosos do campo arxentino mostrou até onde están dispostos a chegar os sectores ultramontanos do peronismo para asegurar que o presidente non sexa "molestado" por opositores nas súas presentacións públicas. Cando Héctor Negri, representante do sector de pequenos produtores prexudicados pola política oficial, recibiu con asobios o discurso do presidente, un grupo de matóns rodeouno ameazante e non só o atacou a el senón aos periodistas que se acercaron con intencións de obter as súas declaracións e tamén imaxes.

As posteriores investigacións da prensa acusaron ao xefe da Cámara de Deputados, Alberto Pierri, un dirixente peronista cercano a Menem, de ter recrutado grupos de choque —e conseguido credenciais para o ingreso no acto— co fin de "conter" aos xubilados e pequenos e medianos produtores que irían á cerimonia



Os xornalistas foron un colectivo vítima da ditadura. Moitas nais de Maio levan no pano o nome dun xornalista. A. IGLESIAS

para protestar pola súa discriminación, no marco da política económica liderada polo ministro Domingo Cavallo.

Ante o agravamento da situación de ameazas e agresións sufridas polos periodistas na Arxentina —máis de cen no que vai de ano— a Comisión Investigadora de Atentados a Periodistas (CIAP) decidiu a principios de Setembro enviar un Comisionado a Buenos Aires para estudar *in situ* a situación e elaborar un informe destinado a organismos internacionais e aos gobernos da rexión. A CIAP está integrada por recoñecidas personalidades latino-americanas, entre elas os premio Nobel da Paz Rigoberta Menchú e Adolfo Pérez Esquivel.

Menem congratúlase constantemente da liberdade de prensa reinante no país e niso non mente: é precisamente esa liberdade, sumada ao desconcerto da sociedade ante os políticos, o que permitiu que o rol de denuncia da prensa adquira unha dimensión importantísima, sobretodo considerando que o goberno non está controlado por unha oposición forte. A Confederación General del Trabajo (CGT) está manexada por sindicalistas peronistas afíns a Menem e o principal partido de oposición, a Unión Cívica Radical, non se recuperou aínda

do desprestixio da hiperinflación durante a última etapa da xestión de Raúl Alfonsín (1983-1989).

Re-elección a calquer prezo

En tanto, os principais esforzos do presidente e a súa equipa de colaboradores están centrados en obter a reforma da Constitución para incluír a, actualmente non existente, cláusula de reelección presidencial, que permitiría a Menem renovar o seu mandato no 95 e ser Presidente até o ano 2000.

O goberno adxudica as agresións ao "clima preeleitoral", dado que en Outubro renovárase a metade da Cámara de Deputados (actualmente con maioría oficialista) pero o partido de Alfonsín advertiu que "o estado de sospeita e a escalada de violencia son produto da intención do goberno de obter a calquer prezo a reforma constitucional e a reelección presidencial".

A consigna de "reelección a calquer prezo" boia no ar desde as agresións das *patotas* na Rural e da decisión de Menem, tamén por esa época, de pedir a renuncia do seu ministro do Interior, Gustavo Béliz, quen nunha reportaxe denunciou "comprar votos" de lexisladores da oposición para obter a aprobación da Reforma no Parlamento.

Mentres os periodistas organizan manifestacións de protesta exixindo unha investigación en serio das agresións, estas fican impunes. Ademais de Pierri, as investigacións periodísticas sinalan co dedo a Alberto Brito Lima, peronista e titular do neofascista Comando de Organización Nacional, de escura historia de persecucións á esquerda durante a década de 1970.

Conexión cos paramilitares


A conexión, polo menos ideolóxica, desas *patotas* cos grupos paramilitares que actuaron na época da ditadura militar (1976-1983) é autoconfesa: a Susana Teruel, unha das tantas periodistas ameazadas, advertírona de que podería pasarlle o mesmo que ao seu fillo, desaparecido no período máis negro da historia contemporánea arxentina.

En menos de dez días, o periodista López Echague, só, co seu gravador e un caderno de notas, pudo desentrañar o operativo de recrutamento dos grupos de choque; con máis éxito que o ministerio do Interior, a Policía Federal e a Secretaría de Inteligencia do Estado (SIDE).

No seu editorial do día despois do atentado ao seu periodista, *Página Doce* manifestaba que "o único comportamento posíbel nesta espera é o de non ceder ao medo. A única posibilidade fronte á agresión é a de informar máis, investigar máis, traballar mellor". E así parece ocorrer: utilizando as súas imaxes de arquivo, o *Canal 13* de televisión demostrou que un dos matóns da Rural tiña participado, poucos días despois, na Casa de Goberno, no acto de asunción do novo ministro do Interior, Carlos Ruckauf, coa presenza de Menem e todo o seu gabinete.

E é que a historia non se repite e a sociedade civil, péis ás Leis de indulto con que Alfonsín e Menem beneficiaron aos represores da ditadura, está hoxe coa ollada e os ouvidos máis atentas e —esperemos que suficientes— anticorpos anti-autoritarios. ♦

DISFRUTE
PASEANDO
POR
SANTIAGO



- Plano da cidade
- Plano de cada itinerario
- Ilustracións a toda cor
- Bosquexo do Pórtico da Gloria
- Bosquexo da planta da Catedral
- Unha selección de hoteis e restaurantes
- Servizos de interese para o visitante

DISFRUTE
PASEANDO POR
SANTIAGO


EDICIÓN DO CUMIO S.A.
Travesía de Vigo, 156 - 1º D
Telf. (986) 25 07 67
VIGO



Distribúe:
DISTRIBUCIÓN ARNOIA
Ramalleira (Cruce de Bértola)
Teléfono (986) 70 93 40
36140 VILABOIA (Pontevedra)

O CAMIÑO DA PAZ EN PALESTINA

A Intifada, a guerra sen pouso contra a ocupación, abriu a porta das conversas de paz entre palestinos e israelitas. Os acordos non colman as esperanzas do povo palestino pero inician o camiño da recuperación plena da pátria roubada. Mohamed Saffa, médico palestino representante da OLP na Galiza, entende que chegou o momento de revisar mútuos prexuízos entre palestinos e xudeus para construíren unha convivéncia distinta. A *intifada* logrou unha grande derrota política dos sionistas, o fracaso das armas e da violéncia



do Palestino-Israeli falan das dificultades do Consello Nacional Palestino e de lasir Arafat para convenceren ás organizacións de base e ao propio Fatah, o que revela obviamente unha práctica democrática que esas mesmas fontes de información negan.

A OLP nunca funcionou como ordeo e mando. A grandeza da organización reside na propia democracia. Sempre dixemos que tiñamos unha *democracia entre pistolas* que é ben máis difícil. A pesar da situación de guerra, a nosa teima foi sempre o diálogo e o convencemento. Non era imaxinábel que todo o mundo fose a dicir amén á proposta de paz. É preciso convencer, pero en que sentido? En estar ao tanto do acordo para comprender se é un punto final ou un punto de partida. Esta comprensión só pode darse pola explicación. O acordo non representa o noso soño. Non loitamos para conseguirmos isto senon que é o resultado dunha situación internacional que nen sequera podíamos concebir. O mesmo que hai só dez anos Israel non discutía sequera a cesión dos territorios nen admitía a existencia da OLP como interlocutor. Nós non tiñamos medo nengún en admitirmos que dialogabamos con Israel. Eles negaban que falaran con nós porque ante a súa propia sociedade non podían manter a incongruencia de acusarnos de terroristas e fanáticos e recoñecer que eramos os verdadeiros representantes dos palestinos. Todos estes anos negaron ter conversas conosco e cando non podían agachar a evidencia xustificaban que eran conversas a título personal.

Mohamed Saffa, representante da OLP

'Vivimos o fracaso da violéncia e do terrorismo de Estado: agora é o tempo dos povos'

■ G. LUCA DE TENA

Como valora os acordos de paz

Coido que non podemos falar de ledicia, porque o acordo non responde a todas as nosas esperanzas nen colma as aspiracións dun longo proceso de loita para ver a nosa terra liberada. Pero no momento político actual o povo palestino acadou o punto de partida. Xa temos unha base que non é só un futuro: é un territorio. E nesta base caben dous conceptos: primeiro porque Israel fala dunha retirada, aínda que parcial, dos territorios ocupados, concepto que nunca antes admitira; segundo, porque significa unha conta atrás dunha mentalidade israeli que negara sistematicamente o dereito de Palestina a existir. A maiores, con este acordo non só lexitimamos o noso dereito senon que se detén o proceso de substitución dunha poboación por outra (a política de asentamentos) e logramos o regreso dos palestinos. Os que vivían nos territorios ocupados vivían ameazados pola expulsión e os que estaban fora non podían volver.

Agora falamos de retirada de tropas e de regreso. Durante anos e anos Israel fixo por impor a súa vontade sobre o povo palestino. Agora chegou a hora dunha cultura nova, dunha cultura de paz, dunha linguaxe nova. Isaac Shamir dicía que no remate os palestinos "cansarían de veren morrer un deles cada día porque non hai povo que aguante iso". nós pensamos que Israel non podería vivir por sempre nun estado de alerta e de guerra permanente. Pero a pesar do martirio diário e a pesar do desgaste humano, os palestinos seguen respotando con brillantéz na súa actuación dentro do territorio

da *Intifada*. O povo palestino non deu cambiado o equilibrio de forzas pero si deu gañado a guerra das pedradas e gañou en convencer a Israel que todo sacrificio merece a pena se ao final conseguimos os nosos dereitos.

Máis que de países árabes en concordancia hai que falar de países en vixiáncia.

Como se ha chegar a esa cultura de paz de que fala.

A propia sociedade israeli e a palestina deben asimilar o *shock* eléctrico que supón este acordo. Temos que empezar a falar unha lingua na que non teña cabida a idea de vivir a expensas do outro. Israel non pode ter seguridade a conta da inseguridade do povo palestino. A paz acadarase pola seguridade e o recoñecemento mutuo. Seguir negándose mutuamente, non serve máis que a prolongación da guerra para as xeracións futuras. Este *shock* significa que temos que reflexionar sobre todo o que dixemos anteriormente.

Un primeiro paso

Ao respaldar a resolución 242 das Nacións Unidas hai dous anos, o Consello Nacional Palestino recoñeceu ao Estado de

Israel. A situación non é nova.

A iniciativa de paz lanzada durante o primeiro ano da *Intifada* en Novembro do 88, estaba baseada na resolución 242 con todas as connotacións que ten: o recoñecemento de Israel e a retirada do exército de ocupación. O que pensamos durante vinte meses de negociación é que Israel debería se retirar inmediatamente dos territorios ocupados. A conclusión é que esta é a primeira parte dun acordo, non o remate. Nós non loitamos só por Xericó e por Gaza senon por liberar todo o territorio ocupado. Os reproches que hoxe escoitamos entre os palestinos contra o acordo non expresan máis que o temor de que o acordado sexa punto final. Coa conciencia de que este o primeiro paso cara unha retirada total de Israel dos territorios, nengún palestino no seu xuício cabal pode recusar un acordo desta natureza. Existe preocupación porque a fase final do acordo pode entalarse outravolta. O estado final do territorio ocupado discutírase durante tres anos. O primeiro paso será a constitución dun goberno palestino que rexerá a cidade de Xericó e a franxa de Gaza. A autoridade militar israeli terá que ir traspasando o poder aos poderes democráticamente elixidos nos territorios. Os palestinos xa están preparados para autogovernárense, tanto en independencia como en confederación con Xordania.

Cal será o futuro da OLP despois do acordo.

A OLP recupera dous terreos importantes. No primeira, recupera a forma do Estado porque se instala como un auto-goberno. Este afianzamento dalle autoridade

moral e real como representatividade lexítima da maioría dos palestinos. Deixa de ser unha referencia moral para converterse nunha institución que ten que administrar. A grande pregunta que temos que respostar os palestinos é se a OLP coa súa estrutura actual e as súas formulacións actuais podería encarar a fase próxima. Evidentemente debe haber cambios. A *Intifada* que foi a causa principal de todo este cambio criou movementos políticos e sociais de base que terán que participar activamente na nova OLP. A reorganización non será un cambio de identidade senon unha reorganización para que e mantéña o papel da OLP como Estado e conciencia nacional.

Democracia entre pistolas

As infomacións sobre o acor-

Israel quixo sentar a base de toda a súa fortaleza na discriminación, pero douscentos millóns de árabes poden assimilar no futuro unha sociedade de dous ou tres millóns.

Non se pode esquecer que os gobernos de Occidente, entre eles o español, defenderan durante moitos anos o argumento da forza para chegar á paz.

Israel baseaba toda a súa política en que a súa superioridade militar e as súas accións violentas reportaríanlle estabilidade. Así acadou vitorias nas catro guerras que lle fixo ao mundo árabe e mesmo logrou botar á OLP do Líbano. Aparentemente eran triunfos. Pero se perdiamos no Líbano, gañabamos nos territorios ocupados coa *Intifada*. Un povo inteiro recusa a ocupación e Israel resposta coa linguaxe que adoita, que é a militar. Pero esta violéncia fracasou. Agardaban que os palestinos cansasen de tanto sacrificio pero gañou a mensaxe pacifista de todo un povo. Estamos nun momento histórico de diálogo. A caída do muro de Berlín pode interpretarse de moitas formas. Eu coido que un Estado non se pode manter pola forza durante toda unha vida. A propia *Intifada* fíxonos cambiar aos que estabamos fora. A mensaxe dos territorios ocupados foi de sacrificio con esixéncia diálogo e de recoñecer que non se podía negar ao adversario se queriamos que o adversario nos recoñecese a nós. Israel comprendeu derradeiramente que vive un intre histórico non que está obrigado a asumir a lei internacional. Non podía seguir sendo unha excepción e reclamar á terceiros países o cumprimento de leis que ela propia ignoraba. Vivimos o momento do fracaso da violéncia e do terrorismo de Estado. Agora é tempo dos povos. Xa non se discute o futuro dos povos entre dous xigantes. Os árabes reprochan á OLP o feito de tomaren a súa propia decisión sen contar cos demais.

Como será a implicación de Xordánia, Siria e Líbano na nova situación.

Xa están implicados porque participan nun proceso de negociación no que teñen os seus propios acordos de paz con Israel. O acordo dos palestinos non pode ser único. Deberíamos chamalo *A nai de todos os acordos* porque implica os acordos dos demais. Pero se non hai trato cos palestinos, todos os demais son papel mollado. agora si que podemos estar seguro de que haberá solución aos conflitos doutros países de Oriente próximo con Israel porque o que era o centro do conflito está en vías de solución.

Agora aparece con toda claridade o que a diplomacia sionista negara durante moitos anos: que a liberdade dos palestinos era a chave para solucionar os problemas da área.

O propio Arafat dixéao na asemblea das Nacións Unidas o ano 74. "A guerra comeza en Palestina. Se hai paz en Palestina haberá paz no Oriente próximo". Era exacto.

Durante anos, a posición sionista foi que non existía tal cousa como un povo palestino

Durante anos negáronos. A cada que se mencionaba o problema, citábanse as opcións de Canadá, Xordánia etc. Pero a resistencia e a persistencia dos palestinos demostrou que negarnos non servía de nada e que debía haber un proceso de recoñecemento. Ao final tiveron que discutir directamente conosco. Antes tiñamos que estar baixo a cobertura dunha delegación xordano-palestina. Cando teñamos o noso propio Estado poderemos facer unha confederación con Xordánia en canto serva aos nosos intereses nacionais.

No contexto do acordo palestino israelita pode volverse a falar de reconciliación árabe.

O que temos a vista é mundo árabe debilitado e desunido. Até agora non puidemos falar verdadeiramente de reconciliación. Máis que de países en concordancia hai que falar de países en vixiância. A partir de agora ten que haber unha linguaxe nova, tipo cultural novo e un discurso que non está caducado pero compre renovalo. Hai un momento clave: antes e despois da Guerra do Golfo. O *shock* da guerra aínda non permitiu assimilar este feito. É certo que non conseguimos gañar militarmente a Israel, como debecimos por moitos anos. Pero na II Guerra Mundial Alemaña e Xapón foron os grandes perdedores. Non gañamos militarmente pero si politicamente. Se cadra, aínda podemos ter outra vitoria na asimilación do Estado de Israel. Porque Israel quixo sentar a base de toda a súa fortaleza na pureza do Estado, na discriminación do mundo árabe. Aínda que pareza unha reflexión para lonxe, pode ser que a debilidade de Israel non estea na separación e confrontación senon na capacidade dun mundo de douscentos millóns de árabes de assimilar unha sociedade de dous ou tres millóns. A taxa de natalidade foi nestes anos a grande preocupación do Estado de Israel. Asimilaba a todo aquel que diga que poda ser xudeu aínda que traia unha carta de nacemento máis que dubidosa. ♦

'Defender a vida, antes que procurar o paraíso'

Como se poden superar as diferencias que hoxe separan ao mundo árabe, e en particular as que se opoñen a unha visión laica da sociedade?

Temos que vivir a experiencia de ver o proceso democrático palestino. Non é o mesmo vivir na ocupación, na que poden desenvolverse moitas organizacións de todas as clases. No proceso democrático habera que gañar ao pobo con un discurso distinto. A OLP ten que ser integradora desas forzas políticas que agomaron na *Intifada*. Pero

quen lexitimaría todo isto será o propio pobo a traveso da democracia. Estamos afeitos a que por facer algunhas operacións militares, algunhas organizacións acaden carta de existencia, pero para a súa continuidade cómprelle respaldo popular. En Palestina non queremos nen debemos establecer un goberno coma o do Rei de Marrocos. Veremos que forzas poden vivir e convivir nun proceso democrático. Non podemos ignorar que a pobreza pode ser un campo para esta clase de ideoloxías. Non se pode concebir que un gober-

no goberno erga unha mezquita por setecentos mil millóns de dólares no meio de dunha pobreza que afecta a máis dun tercio dos marroquinos. Evidentemente medrarán os musulmáns e os marxistas, que por forza terán que buscar esa identidade para derrocar un goberno desnaturalizado. A OLP derrubárase se adoptase esta clase de actitudes. Unha dirección política ten que ser refrezo do sentir popular. Non pode Sadam Hussein proclamar que emprende unha guerra para liberar o seu territorio en Kuwait para que ao primeiro tiro

se lle poñan en pe de guerra chiitas e kurdos. Que proceso democrático podía haber dentro de Iraque? Temos que defender a democracia, a paz e a vida. Obviamente non estou en contra de certas accións heroicas pero estas só terán valor para defender a vida, non para gañar o paraíso. Lembremos que algúns combatente da Guerra do Golfo mercaban o cadaleito e marchaban contentos ao encontro coa morte porque Jomeini lles prometera outra vida. Pregúntome que clase de convivencia se pode construír con estas ideas. ♦

XACOBEO-93

PRESENTA



EN CONCERTO

UNICO CONCERTO EN EUROPA 1993

MONTE DO GOZO
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)

DÍA 10 DE SETEMBRO ÁS 22 H.

PREZO ÚNICO DE LOCALIDADES : 1000 PTA.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO
S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO 93

VENDA ANTICIPADA NAS OFICINAS DE:

Banesto

RESERVA DE LOCALIDADES **Banestur**

902-25 07 93



Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

“Quero na lousa que me dé sosego, esta palabra que ten luz: Galego”. Fraga declama a Cabanillas na benvinda do congreso do *Pen Clube*. Un aplauso tépedo voa brevemente sobre o anfiteatro. Os escritores de fala alemá rin unha broma entre eles. “En que lingua falaba este señor?”, preguntan a un viciño de butaca. Cando lle explican que en galego, comentan: “Que simpático, mesmo parece un prusiano recitando.”

Francés, Inglés e Galego. O Congreso do *Pen Clube* celébrase como é costume na lingua do país e noutras dúas. Toda a literatura de man está nos tres idiomas. Pero o prusiano de Raxoi toma unha decisión de última hora: “Que metan o Español”. Antón Dobao di que se desmarca do *Pen*: “Complexo de inferioridade é o que teñen. Que vergoña!”. Outros membros da directiva galega do clube, que ten como razón de ser a defensa das linguas minorizadas, comparten a cea da inauguración con Fraga. “Están mal informados: o problema era de intérpretes. Non había quen traducise ao galego directamente”.

Franco foi un Atila para o Galego, comenta unha escritora francesa na cea inaugural do congreso do *Pen*. “E o seu ministro Fraga proibira a revista *Grial*”, retruca un seu compatriota ben informado. A conversa anímase sobre a crónica do fascismo na Europa mentres a tres metros de distancia Fraga despacha un pastelino de crema branca.

En Perbes, onde

O minifundio nom se soluciona coas parcelárias

Na Nosa Terra de hai dúas semanas (nº 584) hai un artigo de H. Vixande que finaliza com esta frase: *a concentración parcelária converteu-se num fim em si mesma*. Se cadra caíndo em redundancias incesárias que podem provar o aborrecimento dos leitores considero que devo retomar a citada frase para deixar ben claro os conceptos que encerra. Para os membros da Plataforma contra a desertización a Límia nom hai dubida de que as concentracións, hoje por hoje, nom vam encaminhadas a procurar a melhora do agro labrego. O único fim que persegue a Xunta e xustificar o investimento dos cartos que outorga a CE a través dos fondos estruturais (FEOGA). O pensamento filosófico que impera no noso goberniño pode-se reflexar do seguinte jeito:

—Mira Manolo, a CE dá-nos tantos millóns de pesetas para infraestruturas agrárias e melhora do campo, que fazemos?

—Mira Vidal, estou canso de que me fagades esse tipo de perguntas, metede-os onde vos caiba, digo no de sempre.

—Honorable Manolo é que seica dim que pola Santa PAC cumpre abandonar o campo e...

—Falares de verdes ecoloxistas... As empresas que fam as obras tenhem que comer e estamos obrigados a dar-lhe trabalho, que despois acusam-nos de originar paro. Nada, nada tu fai as concentracións parcelárias que se pecisem para convencer a Bruxelas de que gastamos o dinheiro.

Os aparceramentos non buscan solucionar o problema do minifundio, senom que som o pretexto (cando nom umha arma eleitoralista) para lograr que o dinheiro europeo fique nas maos das empresas adjudicatárias das obras. ♦

MIGUEL MARVOA
(A LÍMIA)

Unha selección galega

Profundizar no sentimento de irmandade das nosas dúas equi-

MONCLOA ISLAND

XOSÉ CID CABIDO

Acaba de suicidarse Herve Villechaize, o actor francés de 116 centímetros de estatura que se fixera famoso como anano malo nas de James Bond, e moi popular coa serie *Fantasy Island*, co papel de Tatoon, na que tiña por principal misión avisar a Ricardo Montalban, “o avión, xefe, o avión”. Este mesmo actor fora entrevistado en parodia por Gurruchaga: Villechaize facía o papel de Felipe González e Gurruchaga imitaba á periodista galega Victoria Prego, que máis tarde anunciaría espárragos na TV. ‘Felipe Villechaize’, sentado enriba dunha mesa cos pés colgando (ou sexa, non tiña os pés na terra), contestaba ás preguntas nun francés cerrado (non se lle entendía nada), e ‘Gurruchaga Prego’, repetía de cando en vez “¿La calle, señor presidente, que dice la calle?”, ó que ‘Felipe Tatoon’ volvía responder unha parrafada incomprendible.

Con todos os respetos polo actor falecido, atemos cabos. O presidente auséntase por longas vacacións. O equipo de goberno quenta motores anunciando reaxustes económicos de *alto coste social*, como di a prensa. Xa reincorporado á Moncloa, o seu *anano malo* avisa, “o avión, xefe, o avión”; González sae de Moncloa Island e preséntase ós medios en Portugal, moi sorrinte. Fai público un dos seus cambios do cambio, antes cambiara de 10 a 15 e agora cambia de 15 a 20 os anos de cotización para acceder ás pensións da S.S.E. así de pasada, lanza unha idea xenial: reducir a xornada de traballo e os salarios para combater o paro.

“¿A rúa, sr. presidente, que di a rúa?” González, cos pés colgando e o seu sorriso embaucador, ponse a chapurrear un francés incomprendible. ♦

pas, das nosas dúas cidades, non é fácil, habendo “tanto interese” na sua contra. Pésie a ter —como temos— un tesouro nas nosas mans: *Unha Selección Galega* que faria renquear e palidecer de envexa por aí a máis de un.

Os señoróns de “por aí” sábeno, e están tratando de impedir —xa desde o seu berce— todo comentario, toda atitude que vaia no en camiño de “dar xogo” ás seleccións no noso Estado (o que hoxe en dia fan no



“Reino Unido”, por exemplo).

E falando de seleccións... para eles, a nosa... nen pensalo!... E que fan, para impedir todo pensamento nese sentido?: Moi fácil o teñen hoxe!: Aproveitar o sentimento de rivalidade sa entre as nosas dúas equipas para levala até as derradeiras consecuencias:

Eliminan a idea da Selección Galega na afeizón ténodoa ocupada en buscar insultos para a equipa contrária.

1º.- Ben provocando que isto ocorra alentando movidas premeditadamente orquestadas cara a creación dun sentimento xenofóbico.

2º.- Manter constantemente ese ambiente caldeado até o momento do partido entre as nosas dúas equipas.

3º.- E chegado xa o momento, co ambiente convenientemente preparado, para “darlle sabor e facelo máis rendábel” eles xa teñen preparado o que vai ser a “puntilla” Un listado de frases ofensivas feitas previamente para provocar e enrarecer o ambiente; frases que pasarán aos fanáticos de turno, para que estes (en conxunción cos seus amigachos) as berren. Claro! eles xa saben que non van ficar sós berrando: a inchada sa que está loxicamente expectante e inqueda ante a situación de rivalidade que está a viver, pasará de facerlles o xogo a estes, mais haberá quen se deixen levar e acompañen a estes fanáticos nos seus berros.

4º.- Así chegamos ao momento esperado do desenlace, do feito consumado que airearán os meios de comunicación, facilitándolles “a carnada” do negocio a ese público desexoso de novidades.

Deste xeito, eses Señoróns de “por aí”, con esta provocada violencia matan dous páxaros de un só tiro: eliminan dunha afeizón ocupada en estudar: “que maos son os contrários” a idea da Selección Galega;... e pola outra... sacan tallada do asunto.

Porque... todos sabemos que a morbosidade ante estes feitos aumenta, e hai *listillos* explotando esta mina de ouro de compra, audiencia e presenza... e nós no meio! ♦

MOR
(FOROFO DO FUTBOL GALEGO)

Subvencións a Asociacións Xuvenis

Son membro dunha asociación legalizada hai máis de dez anos



O NOSO TRABALLO SALTA Á VISTA

Está en todas as partes, destaca pola sua calidade e sobretudo vese. Como os nosos rótulos en aceiro, latón, metacrilato, gravado, neón e marquesiñas.

RÓTULOS E SINALIZACIÓN INTEGRAL
VIGO: Gregorio Espino, 27 (Doblada) Tel. 37 95 21

FÁBRICA: Estrada do Porriño a Mosende, km. 1,5 Tel: 33 08 79 Fax: 33 65 05 Apdo. 31 36400 O PORRIÑO



que realiza actividades diversas dirixidas á mocidade. Hai uns días asistimos através dos medios de prensa a unha polémica entre a organización *Galiza Nova* e o Director Xeral de Xuventude por mor do tema das subvencións deste ano.


A experiencia no noso grupo durante anos neste tema non é demasiado positiva e sobretudo non deixa moi ben parada á Xunta de Galiza e os seus departamentos xuvenis.

Á hora de conceder subvencións non se teñen en conta o Nº de asociados, calidade das actividades etc.

En primeiro lugar sinalar as cifras ridículas que se manejan como "presupostos" adicados á Xuventude; realmente resulta difícil entender en que se gastan os cartos, pero desde logo en subvencións non é. Nós aínda estamos esperando a saltar o "listón" das 200.000 pesetas recibidas nun ano de farturenta fortuna. Pensarán estes "burócratas" que se poden facer moitas actividades con tales cantidades?!! A "xenerosidade" da Dirección Xeral de Xuventude só é superada por determinados Concellos, que teñen partidas cutres —clientelares. Naturalmente, as únicas perxudicadas desta escasa atención institucional son as asociacións xuvenis e en xeral toda a mocidade.

Asemade, e como segunda apreciación hai que ter en conta as evidentes discriminacións que se producen na concesión das ditas "axudas", e así como se fose unha especie de sorteo, non se teñen en conta as características especiais de cada asociación, o seu número de asociados e asociadas, calidade das actividades que se realizan, etc..., etc... Esperamos que veñan tempos mellores. ♦

M.F.P.
(A CORUÑA)



Parque Xurásico

Chegadas as eleccións no remate dun Ano Xacobeo excelente, os fogos de luceria no 25 de Xullo serán petardos comparábeis cos dos meses que pasaremos os galegos nestas latitudes (os emigrantes terán menos problemas).

Coincidindo coa estrea de Parque Xurásico, recibimos carteis eleitorais como se as eleccións foran feitas hai dez ou vinte anos; Fraga, Beiras, Nogueira, Guerreiro pertencen aos dinosáurios que sobreviviron as inclemencias políticas e sufriron diferentes mutacións para chegar á actualidade.

Non son iguais, Brontosaurus (animal semiacuático, lento por ter que manter o equilibrio), Stegosaurus (hervívoro, presa de animais carnívoros e, a súa defensa é a potente co-

Fraga, Beiras, Nogueira, Guerreiro pertencen aos dinosáurios que sobreviviron ás inclemencias políticas.

la), Triceratops (grande e forte, enemigo temíbel para o resto), Tiranosaurus (carnívoro, loitador temíbel pois en canto trababa as súas vítimas non podían escapar)... aínda que teñen algunhas coincidencias.

Necesitamos xente nova para mellorar o sistema senón converteríamos o Parlamento no Poliburó ou a Santa Sede.

Para chegar lonxe necesitamos ideas novas da xuventude e, deixarlle o campo aberto as innovacións aínda que respecto o traballo feito por estas personaxes na súa época. ♦

XAIME RICOY ROCHA
(VIGO)

O galego irredento

O nacionalismo galego adoece de graves defeitos de definición que impeden un desenvolvemento integral nas súas teorías e, conseqüentemente, na praxe. Nesta altura, nem sequer existe un debate aberto e decidido sobre os límites da nação galega, ficando reducidos estes aos que fatalmente delimitou a reforma de 1833.

Assim, as quatro provincias españolas e as conseqüencias a que induzem, nom som cuestionadas por un nacionalismo pobre em definições e carente de audácia nas súas formulacións. Responde tal configuración à nossa realidade histórica? Abrangue a totalidade ou fican excluídas zonas tam galegas quanto quaisquer outras? A minha opinião é que o projecto fica incompleto. E sobre estas premissas —deficiências na definición do território— que nação pretendemos reconstruir?

Neste sentido, a nom reivindicación da Galiza irredenta, manifesta um estágio primigénio na formulación do nacionalismo comparável ao da reivindicación lingüística que os precursores faziam em castelhamo. (...)

Os partidos políticos galegos, as forças vivas e os grupos de opinión mais ou menos organizados e com capacidade de influencia no galeguismo, nom abordam esta questom ou reduzem o seu posicionamento a declarações de princípios e manifestos pontuais de nula transcendência salvo nos próprios

repousa o pastelófago, os últimos veraneantes cantan na praia. É meianoite. De súpeto soa megafonía. "Por favor, a ver se deixan de facer ruido que hai xente que quer descansar".

Hai ben máis escritas ca nacións.

Esta realidade é o que defende o *Pen Clube* en todo o mundo. A Compostela viron sete delegados croatas, catro eslovenos, tres de Makedonia, un bósnio, dous sérbios. Non viron galeses, bretóns nen irlandeses.

Un investigador

solicita unha bolsa da Xunta. Fanlle unha lista dos documentos que precisa e en cousa de dous días aprésentaos todos. Non pasan tres

CONSUMA PRODUTOS GALEGOS

PARA OS QUE GOSTAM DO GALEGO

Marrons Glacés
José Posada



"Recomendamos tomar tantos Marrons Glacés como ilusons se tenham na vida, esperanza no futuro e alegría de pisar a terra"

José Posada

ELABORADO POR MARRON GLACÉ, S.L.

Poligono Industrial Sam Cibrao das Vinhas
Rua Seis ● Telf. (988) 23 05 45 ● Telefax (988) 23 07 54

32901 OURENSE - GALIZA

GUARDAMÁNS

NANINA SANTOS

A dicer verdade surprendeume. Sei que en tempo de festa a vida se torna extraordinária grácias ao que podemos disfrutar soltando os pelos, cousa difícil na ordinária vida de todos os días.

Porén...

Pérez Vallejo, presidente da comisión de festas de Vilagarcía, acordou, a últimos de Agosto, contratar a vinte guardas para que protexan as carnes das garotas do grupo Rio Samba Show dos desexos lascivos e libidinosos de moitos vilagarcianos que xa o ano pasado, no desfile de carrozas, puxeron moradas a forza de beliscos ás rapazas que bailaban samba.

Asi que para non renunciar ao éxito anterior, que as brasileiras gostan moito, Pérez Vallejo e a comisión, puxeron unha barreira de guardacostas-guardacus-guardamuslos-guardapernas-guardatetas e o que fixo falta para que os habitantes, transeuntes e invitados da vila vexan canto queiran, disfruten do espectáculo, fantaseen a cachón, pero, non molesten.

Surprendeume, máis que nada, constatar que hai señores abondo que nunca encontran un sitio doado para guardar as mans. ♦

A ALDEA GLOBAL



dias e unha carta reclámalle os papeis. "Pero se xa están aquí", protesta o administrado. A Administración ten a explicación precisa: "Xa sabemos que están aquí, pero comprenda que no expediente debe figurar unha carta na que llos reclamemos".

"E vostede parente do señor Fernández?". A que contesta o teléfono asinte. "Hai nenos na familia?", insiste o descoñecido. "Hai". "De que idades?" A que contesta córtalle: "Pero quen chama?". É unha editorial que quer vender catorce tomos que desenvolven a LOXSE. Asegura que está relacionada coa Xunta e repete o nome da consellería de Educación. "Hai que estar preparados", ameaza o vendedor da *Editorial Olimpia*.

Carlos Pardo, traballador do Concello de Vila de Cruces non descansa. Durante o día desempeña o seu posto en servizos e á noite leva centralíña dos bombeiros. No pleno preguntan ao alcalde cando é que se deita este xigante de mármore. ♦

historia. Com tudo, a polémica nom isenta de defrontación —reintegracionismo versus isolacionismo lingüístico— semelha preparar o terreno para um debate integral, à espera e procura de maior volume social. (...)

Com efeito, as terras do Berço, os Ancares orientais e o Návía ficam esquecidas. Salvam-se ti-

midas iniciais que, apesar do seu grande valor, nom deixam de ser testemunhais.

No Berço, as inquietaçons e tentativas cristalizáron na constituición da 'Mesa para a Defensa do Galego do Bierzo' (MDGB), apesar das poucas noticias de actividade que 'chegan' polos meios de comuni-

caçom. Menor informaçom temos ainda da 'Mesa para a Normalización do Galego nas Portelas'... e com passo mais firme caminha a 'Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca' (MDGA), com âmbito nas terras do Návía, onde a tentativa —a julgar tamém pelas noticias que 'chegan'— é mais decidida.

As terras do Berço, os Ancares orientais e o Návía ficam esquecidas, nom sendo tímidas iniciais que nom deixam de ser testemunhais.

As iniciativas desenvolvidas desde a Galiza administrativa, limitam-se a actividades académicas, algum congresso, colaboraçons nalgumhas revistas e pouco mais... talvez com a escassa difusom que possibilita a própria dinámica do País.

Neste sentido, o trabalho de *A Trabe de Ouro* tem sido exemplarizante e único. Nos seus treze números até o momento, tem produzido abundantemente sobre o tema, convertendo-se em referência obrigada dos estudos actuais da problemática da zona.

Também é de justiça citar o trabalho desenvolvido polo *Consello da Cultura Galega*, apesar de ser decididamente insuficiente, tendo em conta a dissipaçom e sumptuosidade das suas actividades. Nom pode deixar de denunciar-se a sua acomodaçom nas estruturas e exigir um posicionamento mais crítico e reivindicativo neste tema, nom só. As publicaçons sobre o galego da zona do *Consello da Cultura Galega* e os congressos organizados nom tem a capacidade necesaria; a sua proposta para a implantaçom do galego no ensino das zonas galego-falantes de 'Asturias, León e Zamora' (?) feita ao *Ministerio e Educacion y Ciencia* e aprovada em Compostela em Outu-

bro de noventa é, com certeza umha medida testemunhal sem transcendência. Nesta proposta, aprovou-se a introduçom de três horas semanais de 'leituras galegas' nos ciclos inicial, meo e superior; a introduçom da lingua galega 'optativa com o segundo idioma moderno' nos dous primeiros cursos nos Liceus e, 'Historia da Literatura Galega' —optativa como a 'Literatura Espanhola'— e, finalmente, na Formação Profissional, introducir o Galego com as opções Inglés e Francés. Se na Galiza administrativa os planos de estudos cumprem-se da maneira que sabemos, imaginamos o que acontece na zona. Mas... algo é algo!

Por último, alguns trabalhos vinculados ao *Instituto da Lingua Galega* —numha óptica obsesivamente dialectologista— tem contribuído a completar os trabalhos destes últimos anos.

Produto destes trabalhos é do profundo conhecimento do galego oriental de alguns dos seus membros, é o importante contributo do ILG na elaboraçom ds 'Normas Ortográficas e Morfolóxicas del Galego de Asturias' em trabalho conjunto com a MDGA. Este importante contributo, vê-se obscurecido pola própria filosofia da elaboraçom das normas, ou sub-normas ou, talvez, sub-sub-normas... por quanto, entendo a sua pressumível pedagogia nom faz mais que demorar a 'reintegraçom' no sistema normativo desenhado polo próprio ILG. Em qualquer caso, tal pedagogia é discutível e rebatível como está sendo na própria Galiza administrativa.

Pouca bagagem. Com tudo, ficam as dúvidas da norma em que 'lerám' os acolhidos á proposta apresentada polo *Consello da Cultura Galega* e se o galego das Portelas e ainda os 'outros galegos' serán também subnormativizados; em qualquer caso, nunca haverá motivos de ruptura de nengumha maridança... ♦

J.M. TABUADA TESOURO (OURENSE)

PIRATAS

X. PIÑEIRO

Cando unha grande figura da dobraxe madrileña lles chamou piratas ao colectivo galego de actores de dobraxe, seguor que non pensaba para nada en Benitiño Soto, ese último grande pirata pontevedrés que aforcaron os ingleses en Xibraltar polo únido delito de non ser británico. De feito o que a grande figura da dobraxe lles queria chamar aos galegos era esquirols, pero non lle dou o morro para tanto e, ao calificalos como piratas non só os poñia na segunda división senón que, involuntariamente, explicaba por qué non lles era aplicábel o mesmo convénio que ás figuras.

Porque, na dobraxe, ao falar de piratería hai que referirse a esa lexión de semiprofesionais que se achegan aos estudos para facer pequenos papeis até que ascenden na consideración artística ou abandonan a profesión para sempre. E como a piratería galega é abundosa e teimuda, existe unha morea de buca-neiros dispostos a facer cantas veces sexa preciso, por exemplo, de camareiro-un:

—¿Qué van toma-los señores?

—O que queiras, pirata, pero pon o "take" en boca e non amoles o choio —din os protagonistas bastante amoscados.

E cando van dezanove intentos, eses piratiñas tan nosos que, con tanta bondade, querian equiparar cos de Madrid, xa se esqueceron de que vai o texto:

—¿Qué carallo van toma-los señores?

E, igual que as figuras de Madrid e Barcelona, se non se arman de pacencia, igual van. ♦

radio FENE
emisora municipal 105 MHz-FM

Radio Fene Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
Casa do Concello 34 24 11 - 34 30 56
15500 Fene (A Coruña) Telefax (981) 34 27 51

RADIO CULLEREDO
107 FM

Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo CULLEREDO (A Coruña)
Telf. (981) 66 62 28 Fax (981) 66 17 75

Pub **DUBLIN**
Unha viaxe na noite

MARTÍN CODAX, 11 - TELF. 22 07 50
VIGO

Esta seccion está aberta ás informaçons, opiniõs ou críticas enviadas polos leitores sobre calquer tema, incluídas fotos ou deseños. As colaboraçons poderán ser resumidas. Prégase que a sua extensión non exceda das 60 liñas

Fraga inaugura o congreso do *PEN Clube* cunhas palabras en español

Membros galegos da organización frustran unha manobra da Xunta para impor o castellano nas sesións

■ MANUEL VILAR/G.L.T.

O presidente da Xunta deu a benvída en español a cento setenta e cinco escritores de todo o mundo que asisten ao congreso do *Pen Clube* en Compostela, antes de ler un discurso contemporizador e ecoloxista escrito en galego. O francés Alexandre Blockh, secretario internacional desta internacional da escrita, que ten como obxectivo principal a defensa das linguas minorizadas, anunciou na cerimonia de abertura que en atención ao estendido dominio que do castellano tiñan tanto o público como os delegados, esta sería a cuarta lingua do congreso.

O intento de establecer dúas linguas en representación do país anfitrión do congreso, amais das que o *Pen Club* adoita utilizar nas súas asembleas (inglés e francés) constituía unha excepción absoluta na historia deste clube internacional de escritores, fundado en 1921 por John Galsworthy, comprometida na defensa da liberdade de expresión e a denuncia das coartadas que impiden o desenvolvemento das linguas sen Estado.

A directiva galega do *Pen Clube* non quixo facer comentarios ao intento da Xunta de hispanizar o congreso. A presidenta do *PEN* Ursula Heinze recibiu en silencio o nomeamento de presidenta do 60 congreso por aclamación dos delegados, pero non fixo referencia a este cambio de programa. Un membro da delegación galega, explicou que a solución catrilingüe anunciada por Blockh non era outra cousa que a utilización do servizo de interpretación intermediado polo castellano. Outras opinións denunciaban o "complexo de inferioridade da Xunta" que cedía así ás críticas dalgúns diarios de Madrid pola normativa linguística do congreso e a renuencia da directiva galega do clube a criticar á Xunta.

Corenta e oito horas despois, a presidenta do congreso sinalou que non habería máis idiomas ofi-



O brasileiro Jorge Amado e o angolano Uanhenga Xitu (no centro da fotografía) son invitados de honra do LX Congreso do *PEN Clube* en Compostela. A. IGLESIAS

ciais que o galego, o francés e o inglés. Respostaba con esta declaración aos requerimentos de pública explicación polo incidente. Para a presidenta, o uso do castellano ao que se referiran Blockh e Fraga, limitárase á cerimonia de inauguración.

Defenderse da desaparición

A pesar dos intentos de espantar o fume da fogueira das linguas oficiais do congreso, o asunto ocuparía a atención da primeira mesa redonda do programa. X. González-Millán, Paul Scott, Marta Pesarradona, Méndez Ferrin, Huseyin Edem e Ivo Runtic deba-

O intento de establecer dúas linguas en representación do país anfitrión do congreso, ademais das que o *Pen* adoita utilizar nas súas asembleas (inglés e francés) constituía unha excepción absoluta na historia deste clube internacional

tiron sobre "Literatura e Nación". O moderador, Antón L. Dobao, delegado no Congreso, explicou que Fraga inaugurara pola súa conta os traballos da reunión de Com-

postela en Español, sen que o *Pen* tivese nada que ver nesta decisión.

Méndez Ferrin, que titulou a súa intervención *Desde unha literatu-*

ra nacional minorizada, dixo que "a grande loita das linguas minorizadas é sobrevivir no mundo, defenderse da desaparición". No caso galego, a resistencia foi contra o poder centralista español e tanto a complicitade do lector como o estímulo ético da presenza abrumadora da lingua dominante son necesarios para explicar a situación de resistencia. As institucións que marcan pautas e academizan son metropolitanas e colonialistas pero así que arrian un anaco o control xurden escritores que queren ser galegos e metropolitanos. Esta hibridación rexionaliza a literatura galega e sométea a un proceso de alienación. A solución está para Ferrin en realizar o dereito das nacións á autodeterminación e á independencia.

Marta Pesarradona dixo que a literatura non sempre se corresponde coa fasquia política dun Estado e polo tanto a lingua ten que ser a patria. No remate da dictadura medraran esperanzas de que as nacións que asinaron no 34 o pacto de *Galeuzka* xuntarian as súas forzas para defenderen as súas literaturas, pero a realidade non foi así. As tres nacións empregan aínda a lingua do Estado e ao mesmo tempo a compresión entre elas diminúe. A vinte anos da Dictadura, O Estado das autonomías arreda máis do que une. ♦

As fisterras en auséncia

Ao congreso de Compostela non viñeron as fisterras atlánticas. Están ausentes Breaña, Gales e nomeadamente Irlanda. A representación escocesa defende o contexto no que se desenvolve a lingua(o inglés) antes que a propia lingua. Africa está representada por The Vincent de Nixería, Amadou Lamine do Senegal, Sam Mburne da Quénia, M. L. Tsibindá de Congo, Zeinab Kou-

mantiu de Guinea, Anthony Fleischer de Suláfrica e Uanhenga Xitu da Angola.

Entre os invitados de honra da asemblea do *Pen* están Jorge Amado, Nérida Piñón, José Saramago e João Ubaldo Ribeiro.

A Xunta, que corre coa parte principal dos gastos do congreso, impuxo a presenza dos es-

critores españois de orixe galega Cela e Torrente. Con esta esixencia tópica, o Goberno autonómico quer reforzar o obxectivo político de Fraga Iribarne de confundir a escritores de expresión castellana dentro do ámbito da literatura galega. Operacións semellantes en outras latitudes ten sido obxecto de denuncias por parte do *Pen Clube*. ♦

7 DIAS

■ Setembro, o mes das escolas de verán

As escolas de verán organizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a Unión de Traballadores do Ensino de Galiza terán lugar durante todo o mes de Setembro. A súa estrutura divídeas nunha parte práctica pola tarde e en conferencias e debates pola noite. Do día 6 ao 10, celebranse os II Encontros Pedagóxicos de Ourense e as Xornadas de Ensino da Coruña; do 8 ao 10 as Xornadas de Lugo; do día 13 ao 17 vai transcorrer a V Semana da Educación en Pontevedra, que ademais de talleres e aulas de vídeo, conta cuns seminarios sobre lingua e literatura que impartirán, entre outros, Manuel Amor, Xosé María Álvarez Cáccamo e Bernardino Graña.

Do 13 ao 16 terá lugar a II Semana de Educación de Riveira e do 20 ao 23 a II Semana de Educación Ambiental en Muros. Ademais de conferencias e proxeccións haberá experimentos de reciclaxe e laboratorio.

As XVII Xornadas do Ensino de Vigo serán do 20 ao 24; mentres que nas mesmas datas terán lugar as semanas pedagóxicas de Compostela e Ferrol. En Santiago haberá diversas aulas: de ciencias sociais, de lingua e literatura, de audiovisuais e de educación sexual. O acto de clausura irá seguido dunha conferencia de Francisco Rodríguez: "A narrativa de Blanco Amor como expresión da sociedade galega". En Ferrol, ademais de seminarios e obradoiros, debatiranse temas como a implantación da LOXSE ou a situación do escritor galego. ♦

■ Congreso de directores de cena en Ourense

Entre os días 17 e 19 de Setembro setenta directores de cena de todo o Estado celebrarán o seu V Congreso Bidual na Fundación Otero Pedrayo. Debatiranse cuestións como a diferenza de programación teatral entre os núcleos e a periferia e están previstas homenaxes a Eduardo Blanco Amor e a Valle-Inclán. ♦

■ O concerto de Homenaxe aos 80 celebrárase con cambios

Os concertos previstos para os días 15, 16 e 17 de Agosto en Pasarón, en Pontevedra, e que foron suspendidos polo mal entendimento entre a empresa promotora e a Sociedade de Xestión do Xacobeo, celebráranse finalmente. A Xunta decidiu organizar este festival para os días 11, 14 e 15 de Setembro.

Con case todas as entradas vendidas para a anterior convocatoria, os espectadores terán que sufrir os cambios de cartel. Os artistas anunciados pola Xunta son: Miguel Bosé, Cómplices, Alejandro Sanz, Miguel Ríos, Joaquín Sabina, No Me Pises Que Llevo Chanclas, Loquillo, Rosario e Manolo Tena. ♦



■ Exposición antolóxica de Xesus Campos

Nas salas do museo de San Domingos de Bonaval, en Compostela, do 18 de Setembro

ao 30 de Outubro celébrase unha exposición antolóxica dedicada á obra do polifacético artista Xesus Campos.

A mostra aprésentase baixo o

epígrafe *Unha visión aguda e vertixinosa de Galicia* e inclúe unha escolma da súa obra gráfica, humorística e xornalística. ♦

■ Concurso de Pop-rock de Vigo

Cuarenta e tres grupos presentáronse ao concurso pop-rock organizado polo Concello de Vigo e, despois do fallo do xuri, doce deles pasaron ás semifinais. A primeira celebrárase o día 9 de Setembro e as dúas seguintes, os días 16 e 23 nunha discoteca de Vigo. Todos os concertos empezarán ás dez da noite e a entrada será

gratuíta.

Os grupos seleccionados para o primeiro día son As Rocas, Os Ernestos, Unión Penosa e Salterium. A segunda semifinal contará con Paso de Piedra, Ritual, Barra Libre e Cruz del Sur. Os grupos participantes na terceira semifinal serán Malas Lenguas, Foggy Mental Breakdown, The Big Swindle e Brigada Lixeira.

Os tres grupos seleccionados nestes concertos disputarán a final o día 7 de Outubro. No mesmo concerto haberá dous grupos invitados, Crazy Cabuxa e La Marabunta. ♦

Galicia: Natureza viva

¿Quen lle pode desexar mal a este pequeno personaxe?



Os montes galegos están cheos de vida, beleza e habitantes coma este. Pequenos personaxes que fan do monte un lugar máxico e maravilloso.

Todos os animais, plantas e árbores que viven nos montes son necesarios para manter o equilibrio do noso medio natural.

Os montes merecen os cuidados e respecto de todos, porque eles forman parte da Galicia viva.



¡Xuntos contra o lume!
AVISANOS NO TELEFONO GRATUITO
085

Leituras

Recuperar a Pasolini

Escritos Corsários

Na noite do 1 ao 2 de Novembro de 1975 era asasinado o poeta, novelista, crítico, cineasta Pier Paolo Pasolini. Tiña 53 anos de idade, toda unha obra por detrás e outra que se aviciñaba (*Salò o le centoventi giornate di Sodoma*, 1975, hoxe o seu testamento, marcaba unha viraxe na obra pasoliniana). De cando o seu asasinato, meses despois, morto xa o ditador Franco, e a censura abrindo a man, comezaron a publicarse obras suas en español, a proxectarse a maioría dos seus filmes, porén, Pier Paolo Pasolini non foi moi popular por estes lares. Nen popular nen entendido (cando non era confundido cun pornógrafo). Talvez a súa popularidade viña dada pola súa posición de intelectual libre. Ninguén, nen en vida nen en morte, pudo apropiarse de Pasolini. Nengunha corrente poética, nengunha escola cinematográfica, nengun partido político (foi expulsado do PCI en 1948, por homosexual) ben que, segundo confesión propia, votaba comunista, nengun movemento. Dícfase marxista, mais en disidencia co marxismo oficial dos partidos comunistas occidentais (léase *La ceneri di Gramsci*, 1975, volume poético do que existe unha escolla en español, Visor). Un marxismo, por outra parte, tinxido dun certo existencialismo e dunha relixiosidade popular "pagana", incontaminada de cristianismo. Un marxismo que quere —o que quizá non deixe de ser unha herexia dentro do marxismo— manter ao campeño tal como era antes do avance da "ideoloxía" do benestar, que iguala (nun senso antropolóxico-cultural) este aos moradores da cidade, perdendo a súa particularidade —como tamén a perden os moradores



Pier Paolo Pasolini na rodaxe de *Salò*.

da cidade. Esta sería, en certa maneira, unha das contradicións de Pasolini, que reivindicaba o dereito a se contradicer.

Este dereito á contradición achrao o lector de *Escritos Corsarios*, publicados hai meses por Edicións Positivas en tradución de Sílvia Manteiga. Tradución e escolla, xa que nos encontramos diante dunha escolla dos *Escritos Corsarios*, non da súa totalidade, o que, en certa maneira, é unha mágoa.

Mágoa porque, por exemplo, non se traduciu a, penso eu, importante "Nota introdutória", onde o poeta italiano ven dicir dúas cousas: a) que o presente é un libro fragmentario que o lector debe refacer, e el (o lector) quen debe unir pasaxes unhas afastadas das outras, e el quen debe organizar os momentos contraditórios buscando "a súa unidade esencial", etc. e b) avisa que estes escritos están divididos

en dúas series: os escritos "primeiros" e os escritos complementarios, documentais, corroborativos. E engade: "En nengun dos meus libros pedín ao lector o fervor filolóxico que lle pido para estes escritos periodísticos: o do, menos difuso, do instante".

Á parte da nota introdutória, acho eu que faltan nesta escolla artigos decisivos de Pasolini. "O artigo dos vagalumes", un belo texto no que Pasolini encetaba unha nova forma de escribir sobre cuestións políticas: en termos poéticos. O devandito artigo é, por exemplo, o motivo principal do libro de L. Sciascia *O caso Moro* (deixando de lado que se estexa ou non de acordo con Sciascia, coas súas conclusións políticas, o escritor siciliano consegue, baseándose en Pasolini, escribir un libro completamente político —mellor dito, de cuestións políticas— en termos poéticos). Un belo artigo que bota-

mos en falta. Ou "Unha pouca de febre", reseña da poesía de Sandro Penna, e moitos máis que, pensamos, son de máis actualidade que algúns dos escollidos aquí. Como, sen ir máis lonxe, os artigos contra o aborto —non "a defensa do aborto", como erroneamente se escribe no prólogo. Pier Paolo Pasolini estaba contra o aborto. As súas "pezas de convicción" veñen neste volume. Pódese estar ou non de acordo con el, pero non se pode negar que cada un dos artigos (e non só os da polémica sobre o aborto) está minuciosamente preparado, axustado, reflexionado (e reflexionando nel). O escritor italiano invoca principios, avanza argumentos rigorosos, é subxectivo, dialéctico. Di todo o que pensa: contra o aborto, contra a Igrexa, contra o novo fascismo (o dos "mass media"), contra o "esquerdismo" como enfermidade verbal. Polemiza aquí e acolá: con Moravia —ven na presenta escolla—, con Calvino —tamén incluído—, por falar dos máis coñecidos entre nós. Cando Pasolini polemiza ou discute, léanse os dous citados, existe sempre unha tenrura cara o opositor, un respecto pola palabra do outro, unha atención non sempre correspondida.

Escritos Corsarios compre lelo, como pedía o seu autor, con fervor. Talvez cun fervor que vai traicionar ao seu lector, xa que nunca (pasa á páxina seguinte)

conta de libros



Charamuscas

Galaxia publica un libro de Xosé Neira Vilas que agrupa tres textos do autor —*Lar, Nai e Pan*— escritos nos anos 1972, 1980 e 1985-86. Os tres traballos agora reeditados sinalan o reencontro do autor coa súa terra natal, coa súa infancia e coas persoas, lugares, obxectos e paisaxes que o foron conformando como ser humano.

O libro está ilustrado por Xoán Balboa, Xosé Luís de Dios e Siro, así inclúe os debuxos orixinais que no seu día acompañaran á publicación de *Lar, Nai e Pan*.




Follas novas

Galaxia saca á rúa a obra que Rosalía publicou en 1880. Nesta ocasión é unha edición crítica —a primeira— elaborada polos profesores da Universidade de Compostela Henrique Monteagudo e Dolores Vilavedra.

A edición da obra da nosa principal poeta inclúe un estudo literario e lingüístico da súa obra e unha análise sócio-lingüística da escrita rosaliana en *Follas novas*.

MONTES E FONTES




VECIÑAS DO HOME
Aves urbanas de Galicia
Xurxo de Viveiro
X.C. Castro Laxe
Nicolás Muñoz Toro


Para coñecer e amar a natureza

Este é o primeiro libro que estudia a natureza non nos seus grandes espacios senón dende a realidade cotiá, case doméstica. Pardais, lavandeiras, estorniños, anduróns, andoriñas, cigoiñas viaxeiras, curuxas de campanario, pombas, merlos ... viven a carón de nós sen que nos deamos de conta.

NA MESMA COLECCIÓN



ANFIBIOS E RÉPTILES DE GALICIA
Pedro Galán Regalado
Gustavo Fernández Arias



GUIA ECOLÓXICA DAS CUNCHAS E MOLUSCOS DE GALICIA
Emilio Rolán



Casablanca

SNACK BAR

RUA BARCELONA
Nº 37 ESQUERDA VIGO

Faga un pequeno
anuncio nun
semanario amigo.

A NOSA TERRA

A necesidade de cooperación entre as universidades dá pé á criazón do Grupo Compostela

Dificultades de financiamento no grupo de 50 universidades

■ PAULA CASTRO

Reitores, catedráticos e profesores de 54 universidades europeas reuníronse a semana pasada en Santiago na I Conferencia Internacional Grupo Compostela de Universidades. Os participantes no congreso acordaron a elaboración dun plano de actuación conxunta para fomentar unha política de aprendizaxe de idiomas baseada no intercambio de estudantes, aumentar o grao de comunicación na área de investigación e facilitar o acceso á información dos distintos cámpus. O carácter humanista dos contidos e a dinamización do patrimonio cultural serán os obxectivos fundamentais.

A comunicación é o elemento fundamental para que se dé unha cooperación efectiva. Pierre Yvard, profesor da universidade de Nantes, propón que esa colaboración se dé en todos os ámbitos, pero para iso "é imprescindible unha comunicación áxil e a formación de grupos de traballo que reflexionen sobre as distintas temáticas que se definan no seo do Grupo Compostela."

Para facilitar o intercambio de información entre os distintos cámpus, Félix García Lausín, da Universidade Jaume I, aposta por aplicar os últimos avances de *software* dende o principio. "Un sistema de redes informáticas permitirá o acceso inmediato ao material que teña cada universidade, ademais de aforrar papel, tempo e teléfono. As bases de datos axudan tamén ao alumnado dentro do propio cámpus, e permiten a actualización inmediata dos contidos."

Aportación de mil Ecus anuais por universidade

Pero o aspecto máis delicado é coma sempre o económico. Un proxecto de colaboración desta envergadura implica un desembolso cuantioso, por iso é imprescindible contar cun apoio financeiro que axude a subsistir ao Grupo e poda levar adiante os seus proxectos. Maria Conceição Matos, profesora da universidade do Minho, considera que cada universidade debe aportar 1.000 ECUs ao ano para os proxectos conxuntos, e correr cos seus propios gastos.

Para conseguir a financiación da CE débese elaborar un proxecto asinado polas universidades que finalmente decidan integrarse no Grupo. Co fin de que os trámites se superen o máis rápido posíbel, a Comisión Xestora, con sede en Santiago, elaborará un cuestionario coas ideas prioritarias, que serán enviadas a cada universidade, e unha vez asinado o proxecto final será enviado á CE.

Ademais de buscar o apoio económico desta institución, buscaranse apoios estatais e unha vez presentado en sociedade procurarase o aval de empresas privadas, que sufragarán en grande medida as actividades do Grupo. É imprescindible xestionar solicitudes de proxectos destinados á infraestrutura da propia rede, para investir nun labor divulgativo a nivel de publicacións periódicas e na elaboración

dunha guía, ademais de monográficos que serán enviados a todas as universidades integrantes.

A sesión constitutiva do Grupo podería ter lugar na primavera próxima, pero para facilitar as xestións haberá unha oficina permanente en Santiago, e a próxima reunión será celebrada en Göttingen, Alemaña, para facer o deseño definitivo dos planos de actuación e financiación. ♦



A. IGLESIAS

Un sistema de redes informáticas permitirá o acceso inmediato ao material que teña cada universidade".

TEATRO COMPANIA NACIONAL CLASICO

PALACIO DE CONGRESOS
AUDITORIO
A CORUÑA

Directór: Adolfo Marsillach

AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CENTRO CULTURAL CAIXAVIGO. VIGO

A CORUÑA 4 E 5 DE SETEMBRO, 20.30 HORAS
SANTIAGO 18 E 19 DE SETEMBRO, 21.00 HORAS



LA GRAN SULTANA

REPARTO (por orde de diálogo):

Mario Martín, Carlos Mendy, Miguel De Grandy, Paco Racionero, Silvia Marsó, Manuel Navarro, Héctor Colomé, Arturo Querejeta, Carlos Marcet, Félix Casales, José Lifante, Francisco Rojas, Enrique Navarro, Juan Manuel Sánchez, Cayetana Guillén Cuervo, César Diéguez, Armando Navarro, Aitor Tejada e José Luis Patiño.

Coreografía: Elvira Sanz. Música: Pedro Estevan, Adaptación do Texto: Luis Alberto de Cuenca. Escenografía, Vestiario e Iluminación: Carlos Cytrynowski. Dirección Escénica: Adolfo Marsillach.

A CORUÑA 9 E 10 DE SETEMBRO, 20.30 HORAS
SANTIAGO 23 E 24 DE SETEMBRO, 21.00 HORAS
VIGO 28, 29 E 30 DE SETEMBRO, 20.30 HORAS

FUENTE OVEJUNA

de Lope de Vega

REPARTO (por orde de diálogo):

Héctor Colomé, Arturo Querejeta, Carlos Marcet, César Diéguez, Blanca Apilánez, Cayetana Guillén Cuervo, Aitor Tejada, Alberto Delgado, José Luis Patiño, Juan Manuel Sánchez, Paco Racionero, Juan José Otegui, Armando Navarro, Enrique Navarro, Maribel Lara, Antonio Vico, Manuel Navarro, Mario Martín, Francisco Rojas, Félix Casales, Natalia Milán e José Lifante.

Música: Tomás Bohórquez. Adaptación do Texto: Carlos Bousoño. Escenografía, Vestiario e Iluminación: Carlos Cytrynowski. Dirección Escénica: Adolfo Marsillach.



COA COLABORACION DOS
EXCELENTISIMOS CONCELLOS

MINISTERIO DE CULTURA

INAFM

VENDA ANTICIPADA NAS OFICINAS DE:••

Banesto

RESERVA DE LOCALIDADES Banestur

902-25 07 93

E NAS TAQUILLAS DOS TEATROS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE RELACIONES INSTITUCIONAIS
E PORTAMOS DO GOBERNO
S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO 93

Os nomes dos lugares

Arca Marmórica

Velai o segundo nome histórico de Santiago, que aparecia nos documentos medievais en expresións tais como: "Locis Arcis Marmoricis", "...sanctum tumulatum est sub arcis marmoricis...", ou tamén, "...ipsium corpus sub marmoribus arcibus...". Expresións que foron sempre interpretadas como referidas a unha pequena construción, que se atopou no mato, e que sorprendía pola súa beleza arquitectónica en base a arcos de material marmóreo, e daí a tradución que se facía como "lugar de arcos marmóreos", ou sexa unha especie de cobertura abobada e de mármol.

Mais, realmente, "arcis", estase referindo dos arcos das estrutura arquitectónica? e "marmoricis", ha se entender necesariamente como seudo de pedra mármol?

Igual que fixemos co topónimo de Libredón, haberá que colocar o topónimo de "Arcis Marmoricis" ou "Arca Marmórica" no contexto topónimo do noso país, onde é abundoso o nome de lugar de Arcos, e non faltan locais chamados Marmoirais.

Pesquemos pois, en primeiro lugar, no sentido que a palabra Arca ten na toponimia galega. "... per archas antiquas" ou "Petra da Arca", eran signos de límites de fincas nos documentos medievais, e tamén servían para designar antigos sepulcros ou mámoas; así se fala de "arca terrenia", ou sepultura coberta de terra, ao estilo do que hoxe chamamos mámoas, e de "arca petrinea", directamente esculpidas na pedra viva como aínda se ve exaustivamente en San Pedro de Rocas. Estes enterramentos deberon ser aproveitados como testeiros prediais "In archa que sedet sculta in petra".

Ferro Couselo, no seu "Os Petroglifos de término" acrescenta: "...Isto parece suficiente para dar á voz arca o significado xenérico de término ou marco, que lle atribue San Isidoro, en cuxo sentido, sen dúbida como di Varron, os agrimensores romanos tomaronno directamente do grego "arcas", que significaba a un tempo densa e término".

Seria pois unha Arca, unha especie de amoreamento de pedras en forma cuadrada, co fin de servir de marco de prédios rurais, ou ben un sepulcro, estilo de mámoa ou anta que debe ser aproveitada para o tal efecto; que tais monumentos exintian na área santiaguesa aínda o confirma hoxe o chamadeiro da Porta da Mámoa.

A seguinte palabra que acompaña é Marmórica, que sempre se entenden como "feita de mármol", aínda que pouco ou cuase nada se pode rastexar deses presuntos mármores na tumba do apóstol.

Acaece mais insertar o término na toponimia galega, entre os da mesma faceira como os Marmoirais de Boimorto e de Xermade, para explicar os mais preferimos adaptar a teoría que Piel defende na explicación do topónimo portugués da "Casa do Marmoiral": "...nos disse corresponder este topónimo a un termo regional que designa un mo-

numento fúnebre gótico, onde segundo a tradición, foi depositado o corpo de Santa Mafalda...", e aí onde o citado investigador opta por facer proceder a palabra Marmoiral, mais que de pedras de mármol, de un *Memoriale* ou sexa un Monumentum ou sepulcrum. Nesta liña de pensamento teriamos en Santiago unha Arca Memórica ou Caixón sepulcral.

Escrebe López Alsina no seu estudo da Cidade de Compostela: "Tras el derribo del edículo ca. 1101/1103 y la organización del nuevo altar, ya no sera posible comprobar el valor de "arcos" para el término "arcis", ni tampoco la técnica de inhumación bajo el pavimento y el mosaico.

A partir de entonces se empieza a especular con la posibilidad del valor "sepulcro", sarcófagos para "arcis". Las tres arcas marmóreas bajo arcos marmóreos coexisten en la miniatura del descubrimiento en el Tumbo A."

Mais, voltando á toponimia galega, o termo Arco, en masculino, ten si, un sentido arquitectónico de bóveda, pode significar o arco dunha ponte, ou dunha fonte ("fonte arcata") que sería unha fonte tellada, mas non con laxas planas, senon en forma de arco ou bóveda; e aínda un Arco memorial é unha sepultura o monumento de lembranza fúnebre á beira dun camiño, tendo, en xeral a forma abobadada.

En definitiva o monumento que se atopa na espesura do monte, podería ser unha Arca marmórica, como Caixa sepulcral que podería ser exenta ou esculpida na pedra viva, cuberta de terra ou exposta, e senon un Arco memorial, de estilo abobadado, e de culto funerario. Tanto un monumento como outro, non resultarían cousas extremadamente extrañas na Galiza do século IX, onde debían existir moitas Arcas e varios outros lugares Marmoirais, como aínda hoxe a toponimia testemuña, e tampouco terían porque estar feito necesariamente de mármol, material iste que debería ser, mais ben escaso daquela.


De calquer xeito aquelas Arcas ou Arcos foron a base material para o xurdimento do miragre. ♦

Compostela

Foi este o nome que se lanzou no futuro para designar a cidade do Apóstol; fora, ficaron no esquecemento popular os antigos nomes de Libredón e Arca marmórica, que só utilizaran as citas dos eruditos.

O Compostela dos documentos medievais foi entendido sempre, en alusión ás extraordinarias circunstancias da aparición do corpo do apóstol, como un *Campus Stellae*, ou sexa, campo de estrelas e divinas luminárias.

Mais, apliquémolle a este nome o mesmo método que vimos usando para o Libredón e a Arca Marmórica, é dicir, coloquemos iste nome entre os seus análogos da toponimia galega, que son dúas Compostelas en Ourense, unha en Melide, a praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, e aínda a Compostilla do Bierzo; e velaf que dificilmente se poderían explicar os nomes destes lugares co-



Pedra da Arca.

mo debidos a luminarias celestes, e non obstante, no esclarecemento do nome destes lugares está a chave do entendemento da Compostela da Amahia.

A explicación do nome, ocupou a moitos estudosos como todo o referente ao tema santiagués, e aí opinaron Casimiro Torres, Pierre David, Piel, Portela Pazos, Ruben Garcia etc..., que fora pequenos matices entenden o nome, como procedente da palabra latina *Composita*, no seu diminutivo, co significado de, graciosa, ben construída, e arraxada, todo elo referido á monumentalidade da cidade xacobe que comenza a emerxer, na filosofía de que unha nova cidade nova precisa tamén de novo nome e ficarian desbotados así os antigos topónimos.

Nos poriamos a esta opinión, o xadito de como adaptar este nome aos outros lugares que o locen, onde non se ve unha especial urbanización, e son mais ben, modestos lugares da nosa terra (nen sequer chegan a parroquias), e é nestes lugares onde se cadra é mais doado achar a explicación do chamadeiro, pois a cidade xacobe nasce no medio dunha meada de intereses económicos, políticos e relixiosos

que fan que as palabras se presten a manipulacións conforme as épocas e os intereses imperantes.

Por outra banda non é usual que na toponimia actuen factores psicolóxicos de compostura, fermosura ou alegría... Os topónimos obedecen a causas mais sociais e obxectivas, na procura destas estará a chave da solución.

Por onde fincar o dente neste íngreme problema do nome de Compostela. Poderíamos facer unha chea de hipóteses, velaf algunha:

Dividamos o nome así: *Composita*. Neste prefixo *Com*, podería estar unha evolución da palabra latina *Columna* > *Coona*, e sería unha referencia a un hipotético marco ou miliario, artificialmente posto, análogo a outros topónimos galegos como *Pedra Posta* ou *Pedra Fitelas*, que nos lembran os *Bemposta* ou *Bemfica*, se cadra por *Pena posta* ou *Pena ficta*.

Postos a divagar, tería unha relación coa tradición xacobe do aparecemento da Virxe nunha columna, ao apóstolo, e non será casual o topónimo do lugar santiagués de Casas de Compostela xusto ao pé da igrexa do Pilar?

Desa inicial *Columna Postilla* onde *Columna* pasou a "coona" e *Postilla* tería o significado de posterior, remate ou final, referíndose a aqueles marcos ou sinalizacións de un "fin" ou "término", estaríamos ante un *Complantato* (como aparece en Ferro Couselo), un *Con-Fin* ou *Coona-Postela*, dunha certa delimitación territorial, e iste sería o sentido que compartillarían as demais *Compostelas* galegas, serían puntos de miliarios, columnas ou extremas xurisdicionais.

Noutra liña de pensamento, poderíamos entender o prefixo *Cum* no sentido de compañía, neste caso de comunidade de posesión e volveríamos mallar na idea do vello *Libredón* como monte comunal, de onde viría esa *Compos-Tela*, terra poseída, tomada; ou se cadra forzando un pouco as regras filolóxicas, no primeiro estaría unha *Cum-pastela* (de *Pastos* en común).

Se camiñamos no significado de *Composita* como "mixture" ("a composta e na vina") dos documentos medievais ourensás, se cadra referíndose ao tipo de terra ou valados feitos dunha mixture de pedras e terra, o que se chamaría hoxe unha terra cascalleira.

En palabras de Varron ao nomear o tipo de muros ou paredes que usaban os hispanos: "... quod ex terra et lapillis compositis in formis...". Sería o tipo do chan do Santiago medieval, cascalleiro, ou as Casas de Compostela estarían feitas desta mixture especial de coios e terra?

Aínda, se nos ocorre pensar se esa "compostela" ou mixture, análogamente á "mesta" castelan non se referiría a un tipo de monte onde hai vexetacións mixturadas ou senon rebañs mixturados de varias especies ou diferentes donos?

Mais unha teoría, il non estaremos diante dun antropónimo, ou sexa o nome dun antigo posesor (neste caso posesora) que deu nome ao lugar? Pensemos que no libro de Cortesão, aparece no ano 980, un nome de muller *Composita* (aqueleña, feita...), do que *Compostella* sería un evidente diminutivo.

Por fin, moitos posibeis camiños para tratar de fechar un problema ao noso entender aberto, o porqué, do nome de *Compostela*. ♦

CÉSAR VARELA

VISTETE DE A NOSA TERRA

Camiseta800 pta
Sudadeira ..1.500 pta
(Más gastos de envío)

Pedimentos a:

A NOSA TERRA
Príncipe 22, baixo
36202 Vigo
através de cheque
bancário e
especificando talla:
pequena, mediana,
grande ou cativos

GALICIA

EN


FORMAS

" TI ES PRA MIN O LOMBO DUNHA SOMBRA
ONDE TODO RESULTA PREGUNTADO
E O PASO DAS PERSOAS FAISE LENE...
SESENTA COMO UN MAR
E NO SEU MAR, AFOGADA."

POEMA "ROSALIA". DE XOHANA TORRES



CONSELLERÍA DE CULTURA
E XUVENTUDE



ESCALUPA SEN TÍTULO DE BUCINOS (MANUEL GARCÍA VAZQUEZ)

Música

Matto Congrio
Con entrada libre, Xoves 9, ás 12,30 da noite na Praza do Toral de Santiago.

II Festival Música na Fronteira
O Venres 10, ás 10 da noite, no Parque do Cristo do Porriño, celebrarase a segunda edición do festival *Música na Fronteira*, que conta coas actuacións dos grupos **Madrigal do Recife** do Brasil, **Quadrilha** de Portugal e **Dhais** da Galiza. Madrigal do Recife, foi fundado en 1971 polo mestre José da Cunha Beltrao Junior, e ten como obxectivo principal a práctica e divulgación do Canto Coral; tamén no seu repertorio músicas eruditas, sacras, populares brasileiras, con especial fincapé na música nordestina e o cancionero pernambucano. O grupo **Quadrilha**, xurde a partir dos *Peacemakers*, ten dous *singles* e un longa duración no mercado; *Contos de fragas e pragas*, adicado á renovación da música tradicional portuguesa através de tecnoloxías actuais. Dhais aparece no verán de 1985 na vila de Lalin, despois de percorrer a Galiza acadan unha aceptación maioritaria e gañan os premios máis importantes do folk no noso país: *Festival de Vilagarcía 1990*, *Festival Folk para Artistas Novos Cidade Vella 1990* e *Certame Pelegrin 1992*. O grupo sitúase nun momento óptimo de creatividade musical no que empregan tanto a música tradicional como as súas propias composicións para conquistar un estilo único na Galiza. Organiza o Festival a **Asociación Cultural do Louro** e patrocinan Concello e Canteiras do Porriño e máis a Deputación.

IV Festival Rock de Cerdeda
O Sábado 2 de Setembro, a partir das 6 do serán, no Campo da Feira de Cerdeda tocarán, co gallo do *IV Festival Rock Cerdeda*, **Boikot** de Madrid, **Ausentes** de Betanzos, **Zénzar** e **Desertores do Arado** de Cerdeda. **Troleblues** de Laxe, **Malavida** de Laracha, **Impresentables** de Vimianzo e **La Crema** de Carballo. Os seis grupos galegos do Festival veñen de gravar un LP, **Rock na Costa da Morte**, para presentar nesta edición.

Encontro de Cantautores
Hilario Camacho, **Amancio Prada** e **Georges Moustaki**, pechan o *Encontro de Cantautores de Ourense*, o día 10 de Setembro.

Pop-93 de Pontevedra
O *Festival Pop 93 de Pontevedra* conta coa actuación de **Miguel Bosé** e **Alejandro Sanz** o día 11. **Joaquín Sabina**, **La Orquesta Mondragón**, **Miguel Ríos** e **No me pises que llevo chanclas** actúan o día 14. E para o día 15 ofrecen a actuación de **Rosario Loquillo** e **Manolo Tena**.

Mansfield Mountains
Concerto para o 10 de Setembro, no Código de Barras de Vigo.

Uxia
En concerto o 11 de Setembro, ás 10 da noite na Praza de Concello, Samos.

Xocaloma
O 11 de Setembro, ás 9,30 da noite, música folk na Praza do Concello de Palas de Rei.

Na Lua
Concerto folk, o 12 de Setembro, ás 10 da noite, en Ribeira.

Aztec Camera
Grupo pop do escocés Roddy Frame o 16 de Setembro na sala *Ene* de Vigo.

Alecrin
Folk no Campo da Feira de Paradela o día 18, ás 10 da noite.

Mike Oldfield
Coa presentación do *Tubular Bells II* o día 19 de Setembro, ás 11 da noite, no Parque de Castrelos de Vigo. Prezo 2.000 pta. con cadeira. ♦

Exposicións

Teté Pazo
A pintora *Teté Pazo*, expón a súa obra máis recente no *Café Ardora* (Afonso X O Sábio 5) de Vigo, até o 14.

Auséncias
O Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (Sada), acolle a mostra **Auséncias: Fragmentos da arte galega no século XX**, unha homenaxe a sobranceiros artistas galegos deste século xa finados.

Ricardo Moreno
Até o 20 de Setembro, na Sala de Arte Caixavigo, debuxos a pluma en cor de *Ricardo Moreno*.

Electrografías
Até o 10 de Outubro na Casa das Artes de Vigo. Mostra artellada pola Concellaría de Cultura e a Universidade.

Carteis dos cinco continentes
Pódese ver a colección privada de **Manfred Schawrz**, *600 cartaces dos 5 continentes*, até o 28 de Setembro, no 3º andar da Casa das Artes de Vigo.

Fotoxornalismo en liberdade
Até o 30 de Setembro na Casa das Artes de Vigo. A mostra *Fotoxornalismo en liberdade*, abranxe os traballos de **Xurxo Lobato**, *Galicia: Tradición e modernidade*; **Xosé Castro**, *Incendio no Pazo de Meirás*; e **Magar**, *Festa popular na Cidade de Vigo*, entre outros.

O valor da tradición
A sala do Ateneo Santa Cecilia de Marín abre coa actuación do **Grupo de Gaitas Trompos os Pes** o día 10 de Setembro, ás 7 da tarde, a mostra *O Valor da Tradición*, na que se recollen as raíces do povo desde a perspectiva da música, a danza e a vestimenta. Compoñen a mostra instrumentos musicais, partituras, maquetas, traxes, e outros obxectos de artesáns da Galiza. Os grupos **Fentos a Froumas** e **Virxe das Neves** pechan a mostra o 19 de Setembro, á unha da mañá. Horario de visita de 12 a 13 h. de Luns a Venres, e das 12 ás 14 h. Domingos e festivos.

Retratos da Academia
Até o 17 de Outubro, na sala de exposicións do C.C. Caixavigo. A mostra *Retratos da Academia*, comprende obras de **Goya**, **Federico Madrazo**, **Juan**



Capitel coa Transfiguración e a Dúbida de Tomás. Toulouse, Musée des Augustins. **Antonio Morales**, **Julio Romero de Torres**, **Daniel Vázquez Díaz** e **Zuloaga**, pertencente aos fondos da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.

Santiago, Camiño de Europa
A mostra do Mosteiro de San Martiño Pinário, recolle unha chea de obxectos vencellados ao Camiño, códices, pergamiños, etc. Artellada baixo o patrocinio do Arcebispo de Santiago, a Consellaría de Cultura e a Fundación Cajamadrid.

Tapices da Seu vella de Lleida
Do 11 de Setembro ao 31 de Outubro, de 10 a 14 e de 16 a 20 h. (Domingos pechado), nas salas municipais do Museo do Povo Galego.

Suso de Marcos
Esculturas de **Suso de Marcos** na Galería Sargadelos do Ferrol. Na mesma galería pinturas de **Tomás Barros**.

Trazos e camiños
Unha segunda parte da mostra *Trazos e camiños*, que comprende obra de fi-

guras sobranceiras na arte galega, no Museo Municipal de Ourense. A terceira parte fica recollida no Teatro Principal de Pontevedra.

Oleos
O Studio-34 de Ourense acolle unha exposición colectiva de artistas adicados ao traballo sobre o óleo.

Iván Descamps
Este artista belga presenta os seus traballos máis novos no Hotel Sanxenxo na vila do mesmo nome.

Artistas actuais no Camiño
Artistas residentes no Camiño de Ourense a **Santiago**, **Colmeiro**, **Laxeiro** e **Virxilio**, entre outros, expoñen obra na mostra do Pazo de Vilamarín.

Mariano de Souza
O Casino do Atlántico da Coruña garda unha mostra de oleos de **Mariano de Souza**.

Páxinas coordinadas por **IAGO LUCA**

Núria Guardiola
Pinturas de **Núria Guardiola Medel**, na Casa da Cultura de Vigo.

Electrografías
Do 7 de Setembro ao 10 de Outubro, na Casa das Artes de Vigo. Organizan a Concellaría de Cultura e a Universidade de Vigo.

Luis Carré
Mostra antolóxica do fotógrafo **Luis Carré**, no Centro Cultural Salvador Madariaga da Coruña.

Olga Reinoso
Pinturas, na Casa da Parra.

Nuria Guardiola
Na Casa da Cultura de Vigo, pinturas.

Fotografías, acuarelas e xoias
Fotografías de **Iñigo Martín**, acuarelas de **Luis Fellini** e xoias de **Virginia Lorenzo**, na Galería Ad Hoc de Vigo.

Uxio Souto
Mostra antolóxica (1905-1990) no Museo de Pontevedra. No mesmo museo a exposición das obras seleccionadas do certame **Novos valores**.

Sónia Vázquez
Pintura na Torre de Andrade Pontevedra.

Xoan Mariño
Obra do pintor **Xoan Mariño**, no Liceo de Noia.

Pablo Serrano
Escultura no Centro Cultural do Ferrol.

Braña
Cerámicas no Café Real de Ourense.

Modesto Braulio
Até finais de Setembro no Muíño da Ponte de Redondela (aberto a partir das 7 da tarde), expón o pintor, debuxante e deseñador, **Modesto Braulio**. Nos últimos anos foi responsable da imaxe plástica do *VIII Festival Internacional del Nuevo Cine Latinoamericano*, e de *Cubamoda*. Actualmente é membro da Unión de Escritores e Artistas de Cuba; do Taller Experimental de Gráfica de La Habana; e da Asociación Internacional de Artistas plásticos. ♦

XABARÍN

Lectores para todas as idades

Os que tanto disfrutaron co Diario dun xove maniático teñen a oportunidade de seguir disfrutando coa historia de **Susi** e a súa irmá. Unha mocidade de 16 anos enfróntase nestas páxinas ós temas que máis preocupan nestas idades: o amor, o sexo, a SIDA, a droga, o futuro profesional, a amizade...

EU TAMÉN SON MANIÁTICA
Ann Mcpherson
Aidan Macfarlane

DIARIO DUN XOVE MANIÁTICO
Aidan Macfarlane
Ann Macpherson

O VENTO NOS SALGUEIROS
Kenneth Grahame

XERAIS

Vários concellos colaboraron coa expedición do COSAL

O Salvador cámbia o fusil polas brigadas de construción

■ GONZALO VILAS

Os da comunidade salvadoreña Martín Barón fuxiran a Honduras durante a Guerra. A poboación está situada na parte máis oriental do país, nunha zona montañosa semellante á Galiza. Ao regresaren hai dous anos atoparon unha terra devastada polo exército, e tiveron que refacer a súa vida desde a caréncia absoluta de materiais e cunha dieta de subsistencia baseada case exclusivamente na "milpa" ou millo. Na construción de casas e letrinas, e na capacitación docente e sanitaria colaboraron 13 brigadistas —12 galegos—, dous deles, Alberte O Roxo, ensinante, e Xoán, médico, faláronnos da súa experiencia.

A expedición do COSAL (Comités de Solidariedade coa América Latina) contou coa axuda de varios concellos galegos, algunhas entidades privadas, coma unha empresa santiaguesa que doou unha placa solar ou unha librería que deu unha multicopista, e varios colectivos entre os que destacan *Bicis pola Paz*, que aportou tres bicicletas. Tamén levaron máquinas de escribir, de coser, e varias guitarras e instrumentos de corda. Alberte destaca especialmente esta aportación, por humilde que pareza "pois así poden ensaiar todos os días e facer bailes, o que supuxo un acontecemento moi importante". Igualmente a placa solar permitiu unha prolongación das actividades e do traballo moi a ter en conta, "pois alí, non habendo luz eléctrica, a luz solar marca completamente as actividades". A convivencia con esa xente nunhas condicións tan precarias "supón unha aprendizaxe enorme e un choque brutal de valores, en canto te decatás do pouco con que pode vivir unha persoa; nese aspecto, nós procuramos non distanciarnos deles. Para empezar pola comida, non levando latas, nen mercando ovos, pois iría en detrimento da súa alimentación...".

A actividade dos brigadistas dividíase en traballos materiais polas mañás (construción dunha clínica ou dispensario, dunha casa comunal, instalación de letrinas), e charlas e cursiños de capacitación educadora ou no campo da hixiene e primeiros auxilios, polas tardes. "Os resultados sempre parecen escasos, que se podería ter feito mellor, pero sempre queda algo feito. Por outra banda, nunca podes estar seguro da continuidade que podan ter esas actividades".

En xeral amósanse contentos do ritmo de



Cativo convalecente dunha operación na súa casa.

traballo. "Levábamolo todo moi planificado, pois xa coñeciamos as necesidades específicas desta comunidade por compañeirás que xa estiveran alí". Non todas as brigadas presentes no Salvador (várias italianas, e moitas de Euskadi, que aporta unhas cen persoas en distintos grupos) tiñan unha mesma actitude. Eles observaron que "alguns brigadistas van alí pouco convencidos de que se poda facer realmente moito, e botan unha man no que poden pero, sen planificación, a efectividade é moito menor".

Precariedade sanitaria

Xoán, o médico, pasaba consulta diariamente nun dispensario de fortuna. O que máis lle chamou a atención foi "a grande dependencia que teñen alí e en todo o país das pastillas, da medicamentación, en oposición a unha mínima educación hixiénica e preventiva". É algo que choca bastante, e que se dá en todo o Terceiro mundo, froito dunha cadea de despropósitos". Ao fallar as medidas preventivas, a xente acostúmase a depender dos remedios farmacéuticos para enfermidades evitábeis cunhas medidas hixiénicas. Materiais cedidos para a construción de letrinas son ás veces empregados para mellorar as casas, ou son deitados no chan durante meses por falta de coñecimento e dunha cultura hixiénica apropiada". Tamén destaca, entre enfermidades coma diarreas

ou o cólera, unha alta presenza de trastornos psicolóxicos "menores", de neuroses, derivadas en boa parte da situación de guerra vivida e das secuelas actuais.

Mais apesar dun panorama tan precario, estes brigadistas destacan moitas cousas positivas do que viron e viviron. Diante de todo "un espírito de ilusión e de convicción na orixinalidade do seu proceso. Hai un grande dinamismo en todo o país, que é un ferveiro de ideas e iniciativas. A guerrilla reconverteuse rapidamente á actividades comunitarias, de creación de comunas, de instrución. Ninguén está ocioso", coinciden Alberte e Xoán, sinalando o contraste entre ese dinamismo e o panorama físico de cidades coma San Salvador, onde hai edificios derruídos, e buratos de obuses e balas en moitas casas, ou todo o país, con terras arrasadas e poucas pontes en pé. O proceso político que vive o que foi guerrilla até asinar os acordos de paz, hai dous anos é o dunha revolución pacífica, que eles ven coma un proceso que non ten volta atrás. "Dentro do FMLN hai moitas tendencias, mesmo se fala de pactar coa dereita máis civilizada contra da ultramontana *Arena*. O seu obxectivo principal son as eleccións municipais, previas ás xerais de dentro de dous anos. Estas nen teñen claro gañalas nen táticamente están moi convencidos de que lles conveña. Prefiren esperar". ♦

TRES EN RAIA

Palestina

■ G. LUCA DE TENA

O cabalo palestino entra a carreira no fin de século á procura dun descanso. O agallope que mantén desde a metade do século é algo que ultrapasa a resistencia dun organismo e cruza a excepción biolóxica. Probábelmente nunca se fixo un esforzo tan extremo para rebentar un corazón. Seguro que nunca unha cabeza mantivo durante tanto tempo o compromiso entre a dignidade, a resistencia e a lucidez consciente sobre o que se debe recusar e o que se pode transixir.

Por tantos anos de napalm, en recordo das bombas sobre os teitos de lona dos campamentos e polo raiaceos que forman os nomes riscados polas balas, pola sede e polo aramio de espiño, propoño a quen queira unha lectura particular da Biblia, o libro de libros.

Onde pon David, o pastorio que se lle repuña ao Terminator aquí, poñan un palestino de doce anos zorrégandolle unha pedrada a un sarxento mangallón con cinto de granadas.

Onde contan a historia dun pobo que fuxe dos faraóns imaxinen o relato dun pobo que resiste o delirio faraónico dos sionistas.

Onde apareza ese Deus provinciano, neurótico, fascista e desconfiado que escribe en granito do Porriño, poñan a Harry Truman, a Winston Churchill e aos inventores do prodixio nuclear que só os listos de Tel Aviv poden ter.

Hai moitos anos escoiteille berrar a un sionista en Amsterdam que nunca ninguén lles daría roubado o libro de libros.

Por tantos anos de quererlle romper o espiñazo aos palestinos e polo descanso que tanto merecen, eu roubolle aquí o tal libro en letra impresa seguro de que poucas blasfemias haberá máis xustas e exactas. ♦

VOLVER AO REGO

A rede de estradas da Galiza non é estensa. Os nosos viais adoitan ser estreitos e ter o piso irregular. Mercamos veículos pequenos e resistentes porque temos sentido da proporción. En troques os caciques descoñecen este concepto. As estradas ananas aparecen inzadas de carteis pregoando a autoría das mesmas: Mopt, Cotop, Deputación provincial... Os cartelóns medran, en cantidade e en tamaño. Alguns mesmo semella que se reproducen. Mentres, os indicadores e demais sinalización viária esfarélanse. Se cadra é unha nova concepción da viaxe, importa ir, mais non o camiño que se toma. ♦

PRODUCTOS E SISTEMAS APLICADOS S. A.



APLICADOR OFICIAL:
Master Builders Technologies
Halesa MBT sae



- Pavimentos industriais e decorativos
- Restauración e rehabilitación de fachadas
- Reforzos estruturais de formigón armado

Avda. Portanet, 1 - 3 - 36210 VIGO
Telfs: 20 39 12 - 20 37 01
Fax: 29 52 21